

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**CEIP DE ARZÚA**

**CURSO: 2021-2022**

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
4° EDUCACIÓN INFANTIL  
CURSO 2021/2022  
C.E.I.P. DE ARZÚA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)**  
**CURSO 2021/2022**  
**CEIP DE ARZÚA**

1. CONTEXTUALIZACIÓN.
2. BASES LEXISLATIVAS.
3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL.
4. BASES PSICOPEDAGÓXICAS.
5. METODOLOXÍA.  
- METODOLOXÍA A UTILIZAR NO CASO DE EDUCACIÓN A DISTANCIA.
6. AVALIACIÓN.
7. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.
8. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO.
9. OBXECTIVOS DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL.
10. CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL.
11. CONTIDOS DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL.
12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO DE INFANTIL.
13. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL.
14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO.
17. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES.
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
19. CONCLUSIÓN.
20. BIBLIOGRAFÍA.

ANEXO 1: HORARIO DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica a desenvolver fai referencia ó currículo vixente de Educación Infantil, seguindo as bases da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación que é modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)

Dita programación situase, polo tanto, nun terceiro nivel de concreción curricular que terá como base os diferentes documentos prescriptivos do centro. Así mesmo, a súa redacción está en coherencia no relatado na programación para o segundo ciclo de educación infantil.

Esta programación está pensada para levar a cabo no C.E.I.P. de Arzúa, en dúas aulas de 19 alumnos e alumnas de 4º de educación infantil (3 anos).

O devandito centro ten xornada mixta, sendo que os luns e os martes abrangue de 09:50 a 14:20, sendo a sesión da tarde de 16:00 a 17:00 horas, os mércores, xoves e venres a xornada é só matinal dende ás 09:50 ata as 14:30 horas (agás nos meses de setembro e xuño co horario será de 9.40 a 14.40).

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas (sala de mestres, biblioteca, aula de audiovisuais, secretaria, despacho de dirección ,aulas...) , un ximnasio, o comedor e aula de psicomotricidade e varias pistas deportivas. Estas dependencias están reguladas polo Real Decreto 132/2010 de requisitos mínimos e a normativa que regula os ROC, o decreto 374/1996 e Orde do 22 de xullo de 1997 ao tratarse dun CEIP. Así mesmo, dispón de departamento de orientación propio composto pola orientadora, a mestra de audición a linguaxe e dúas mestras de pedagogía terapéutica, unha delas compartida con outro centro.

Para as aulas de infantil hai unha mestra de apoio que impartirá TIC´s , psicomotricidade e apoio na aula. Tamén se impartirá por parte de mestres especialistas Inglés, Música e Relixión (agás no caso da alternativa á relixión que será impartida pola titora da aula).

A principal actividade económica dos familiares está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua máis empregada no centro é o galego, o que coincide coa que falan maioritariamente os alumnos e as alumnas dos grupos para os que se atopa orientada esta programación. Por este motivo, a lingua vehicular da aula será o galego, conseguindo, deste xeito, unha continuidade entre o ambiente familiar e o escolar ó recorrer ó uso da lingua materna do alumnado recollido así no Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilinguismo e a Lei de Normalización lingüística 3/1983.

Estructurarei o curso escolar en base aos tres trimestres. Ao final de cada un deles entregaráselles ás familias un boletín informativo, atendendo ó establecido na Orde de 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo do curso realizaranse as pertinentes reunións promovendo un ambiente de coordinación e cooperación entre tódolos membros. Asemade, iniciarase na colaboración e seguimento dos diferentes plans e equipos, é dicir do plan lector, de biblioteca, de convivencia e de TIC.

## **2. BASES LEXISLATIVAS: DECRETO 330/2009.**

### **PRINCIPIOS XERAIS:**

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa con entidade propia que atende nenos e nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade.

Esta etapa ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres ata os seis anos de idade.

A Educación Infantil ten carácter voluntario. O Segundo Ciclo da etapa será gratuíto.

### **FINS:**

Contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas atendendo a:

- O desenvolvemento afectivo.
- O movemento e os hábitos de control corporal.
- As manifestacións da comunicación e da linguaxe.
- As pautas elementais de convivencia e relación social.
- O descubrimento das características físicas e sociais do medio.
- A elaboración dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos.
- A adquisición duns niveis axeitados de autonomía corporal.

### **OBXECTIVOS:**

O segundo ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos demais, respectando as diferenzas interpersoais.
- Explorar a súa redonda familiar, natural e social.
- Adquirir unha autonomía progresiva nas actividades cotiás.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Adquirir pautas elementais de convivencia e exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver diversas habilidades comunicativas.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, a lectoescritura, o movemento, o aceno e o ritmo.

### **ÁREAS DE COÑECIMENTO:**

Os contidos educativos desta etapa organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas que se imparten no Segundo Ciclo da Educación Infantil son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da redonda.
- Linguaxes: comunicación e representación.

As áreas deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia e desenvolveranse mediante a realización de actividades globalizadas e significativas para os nenos e nenas.

Os métodos de traballo, baseados nas experiencias, nas actividades e no xogo, aplicaranse nun ambiente de afecto e de confianza para potenciar a súa autoestima e a integración social.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben constituír un recurso didáctico ineludible en toda a etapa, especialmente no segundo ciclo.

As áreas de coñecemento deben entenderse como espazos de aprendizaxe de:

- Actitudes.
- Procedementos.
- Conceptos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

No Segundo Ciclo da Educación Infantil, a avaliación será:

- Global.

- Continua.
- Formativa.

Os procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación serán diversos e incluírán entre eles a observación directa e sistemática dos progresos do alumnado.

Para identificar as aprendizaxes adquiridas tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

Os mestres e as mestras deberán avaliar, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa a:

- As características persoais de cada alumno e alumna.
- As necesidades e intereses dos nenos e das nenas.
- O estilo cognitivo de cada alumno e alumna.

Cada centro adoptará as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo adaptándoo ás características dos nenos e das nenas e á súa realidade educativa.

### **3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL.**

A Educación infantil constitúese, desde os primeiros cursos, como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e das nenas no desenvolvemento global de todas as súas capacidades. Por iso, a nova ordenación educativa xurdida a partir da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, considérasea unha etapa educativa con entidade propia e establece os principios xerais, os obxectivos e os principios pedagóxicos referidos ao conxunto da etapa.

A importancia dun adecuado desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas durante os seus primeiros anos de vida en relación co seu proceso de aprendizaxe é un feito contrastado pola psicoloxía evolutiva e educativa. Cada persoa ten unha particular maneira de ser e de estar no mundo, de se relacionar con outras persoas, co espazo e cos obxectos, e estes esquemas

constrúense especialmente durante os primeiros seis anos de vida, de maneira que esta etapa ten implicacións positivas, no social, económico e educativo ao longo de toda a vida.

Para lograr este propósito establécense catro aprendizaxes fundamentais ou piares:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a ser.
- Aprender a vivir xuntos.

De acordo a estes principios a acción dos educadores e das educadoras na etapa de Educación Infantil debe estar encamiñada a propiciar aprendizaxes en ambientes que favorezan o desenvolvemento afectivo e motriz dos nenos e das nenas de xeito que:

- Estean en condicións de obrar con crecente capacidade de autonomía, de xuízo e de responsabilidade persoal (aprender a ser).
- Desenvolvan a comprensión do outro e a percepción das formas de interdependencia (aprender a vivir xuntos)
- Adquiran coñecementos e competencias que os/as capaciten para facerlles fronte ás diferentes situacións da vida (aprender a coñecer e a facer).

### **3.1. Finalidades e obxectivos da Educación Infantil**

A Educación Infantil ten como principal finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e equilibrado dos ámbitos físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade. Para iso debe organizar e proporcionar actividades e experiencias que configuren un ambiente óptimo para o desenvolvemento e aprendizaxe nestas idades.

O currículo organizouse en tres áreas de coñecemento e experiencia que van contribuír ao desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado e vanlle permitir aproximarse á interpretación do mundo, outorgándolle significado e participando activamente nel:

1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
2. Coñecemento da contorna.
3. Linguaxes: comunicación e representación



A través destas áreas no Segundo ciclo da Educación Infantil preténdese acadar os seguintes obxectivos xerais:

**a) Potenciar e favorecer o desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas respectando a diversidade e as posibilidades de cada un.**

Entre os 3 e os 6 anos de idade os nenos e as nenas inician a súa inserción social, ao mesmo tempo que constrúen unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e adquiren hábitos básicos de comportamento que lles permiten adquirir unha autonomía persoal, establecer os seus primeiros vínculos afectivos e descubrir as características físicas e sociais do medio no que viven.

Para afianzar o seu desenvolvemento como persoas en todos estes ámbitos potenciarase:

- O coñecemento, a valoración e o control da súa propia persoa, das súas posibilidades e limitacións.
- A adquisición progresiva de destrezas para realizar as actividades cotiás cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa.
- O desenvolvemento das súas capacidades emocionais e afectivas.
- A capacidade de establecer relacións positivas cos iguais e coas persoas adultas e de adquirir as pautas elementais de convivencia e de relación social.
- A observación e a exploración da redonda natural, familiar e social para coñecer os distintos grupos sociais que a integran, as súas características, costumes e tradicións e xerar actitudes de respecto e confianza.
- O desenvolvemento de habilidades comunicativas a través da lingua oral e doutras linguaxes e formas de expresión, iniciándose no uso da lingua estranxeira.
- A iniciación na aprendizaxe da lectura e a escritura, a expresión visual e musical e o uso das tecnoloxías da sociedade da información.

**b) Potenciar a transmisión dos valores democráticos.**

A concepción integral da educación implica incorporar no currículo, con carácter de transversalidade, aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Igualmente integraranse aqueles contidos que a propia sociedade demanda, tales como:

- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos
- Educación para o coidado e conservación do ambiente.
- Educación no consumo ou na seguridade viaria, etc.

### ***c) Preparar os nenos e as nenas para o bo seguimento da escolaridade obrigatoria***

A Educación Infantil considérase unha etapa con entidade propia, centrada na idea dun neno ou nena competentes, con capacidade de acción e con dereitos plenos. Non obstante, debe haber unha coordinación entre os dous ciclos da Educación Infantil e entre o segundo ciclo desta etapa e o primeiro ciclo da Educación Primaria, co fin de detectar as necesidades educativas de cada neno e nena e garantir así a continuidade dos procesos de ensino e aprendizaxe.

## **3.2. O alumnado do Segundo Ciclo de Infantil**

A Educación Infantil ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os 3 aos 6 anos. Este proxecto ofrece unha proposta educativa adaptada ás necesidades dos nenos e das nenas do Segundo Ciclo da Educación Infantil.

Para que se dea unha correspondencia entre os obxectivos deste ciclo e os contidos do programa é preciso coñecer, en primeiro lugar, o desenvolvemento dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos.

### **a) Desenvolvemento psicomotor**

Os nenos e as nenas de 3 a 6 anos móvense con soltura, están preparados para definir a súa lateralidade e construír o seu esquema corporal a través da exploración do seu propio corpo. O desenvolvemento da súa coordinación motora permítelles explorar a redonda e desenvolver a capacidade de se orientar no tempo e no espazo. Incrementan, así mesmo, a súa capacidade atencional e de control do seu propio corpo: aprenden a dominar as necesidades primarias e afinan as habilidades manuais (motricidade fina) necesarias para perfeccionar a escritura, estar quietos/as durante fraccións de tempo cada vez máis longas, etc.

### **b) Desenvolvemento cognitivo**

Entre os tres e os seis anos os nenos e as nenas organizan o seu pensamento en torno a esquemas mentais sinxelos e básicos, sobre os que pouco a pouco irán asentándose outros cada vez máis

elaborados. Utilizan a intuición e guíanse polo ensaio e o erro para aprender. Van afinando o coñecemento da súa redonda máis próxima de forma progresiva e, en situacións coñecidas, son capaces de captar relacións entre obxectos, comprender secuencias simples no tempo e establecer conexións de causa-efecto.

Mediante unha axeitada estimulación e nun contexto motivador chegan a iniciarse en estruturas mentais máis complexas: comprenden que certas cousas seguen sendo iguais aínda que cambien de aspecto, forma ou tamaño; clasifican obxectos segundo sexan ou non parecidos; realizan ordenacións sinxelas; son capaces de memorizar a partir de relacións de semellanza ou proximidade, etc.

A súa linguaxe oral vaise facendo cada vez máis expresiva, amplían o seu vocabulario, definen palabras e fan frases cada vez máis longas. Falan en voz alta para regular as súas accións e desenvolven a imaxinación, inventando historias e dándolles vida a obxectos inanimados.

### **c) Desenvolvemento persoal e afectivo-social**

Nestas idades comezan a tomar conciencia do propio eu. Este proceso está determinado pola súa identificación coas persoas adultas, de quen aprenden, a través da imitación, formas de comportamento e normas sociais básicas co fin de conseguir reforzos e recompensas, e evitar posibles castigos.

A medida que progresan no seu desenvolvemento intelectual e adquiren máis recursos comunicativos incrementanse as súas relacións con outros nenos e nenas, comezan a formar pequenos grupos e manteñen un vínculo afectivo co mestre ou mestra, por quen necesitan sentirse aceptados e queridos.

## **4. BASES PSICOPEDAGÓXICAS.**

### **4.1. O proceso de aprendizaxe**

Os procesos de ensino e aprendizaxe nesta etapa deben tender a un enfoque globalizador e integrador, de xeito que permitan incorporar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado.

Para contribuír ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas, a escola de educación infantil, xunto coa familia, debe facer posible unha infancia de múltiples relacións e oportunidades que facilite a construción da súa propia identidade e estimule diferentes modos de relación a través de experiencias e actividades de carácter lúdico, partindo da realidade

individual de cada neno e nena, para chegar a alcanzar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

A forma de entender o principio de globalización polos/as profesionais da Educación Infantil foi evolucionando co paso do tempo. Na actualidade, xa non se entende a globalización como a práctica que integra de xeito artificial e descontextualizado contidos pertencentes ás distintas áreas ou disciplinas en torno a unha determinada temática, senón máis ben como unha perspectiva que orienta e condiciona o traballo tanto no que concirne á planificación da intervención educativa como ao modo no que nenos e nenas deben achegarse aos coñecementos para os aprender.

Refírese pois, tanto ao proceso de ensino como ao de aprendizaxe:

- No relativo ao proceso de ensino, o enfoque globalizador permite que os nenos e as nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, pondo en xogo, de forma interrelacionada, mecanismos afectivos, intelectuais, expresivos. Este principio aféctalle tanto á formulación dos obxectivos como á selección, secuenciación planificación e presentación dos contidos, así como á definición dos xeitos de traballo.
- No concernente ao proceso de aprendizaxe, o enfoque globalizador garda unha estreita relación coa significatividade das aprendizaxes. Nenos e nenas aprenden construíndo, reinterpretando de maneira compartida coas demais persoas os coñecementos e saberes da cultura na que viven. Aprender de forma globalizada supón establecer múltiples e conexións e relacións entre as aprendizaxes novas e o que xa se sabe ou se viviu.

Outro dos requirimentos para *aprender significativamente* é que as nenas e os nenos teñan unha disposición positiva para a aprendizaxe, é dicir, que as aprendizaxes conecten cos seus intereses e respondan ás súas necesidades. Para iso, na planificación e o desenvolvemento das programacións:

- Promoverase a participación dos nenos e das nenas para que poidan manifestar e compartir as súas experiencias co resto do grupo.
- Utilizaranse estímulos variados para favorecer a motivación intrínseca e a implicación do alumnado, fundamentalmente a través do xogo.
- Fixaranse metas que sexan comprendidas polo alumnado, que sexan realistas e que poidan alcanzar de acordo ás súas competencias.

## **4.2. O papel do profesorado**

O mestre ou a mestra será quen se responsabilizará de concretar, para cada grupo de nenos e nenas, a proposta pedagóxica e de facer que as actividades de aprendizaxe resulten significativas e motivadoras para o alumnado. Para conectar co saber, co saber facer e co saber estar do alumnado asumirá distintos roles: dirixir, suxerir, acompañar, etc.

A súa intervención pódese concretar nos seguintes puntos:

- Encargarase de organizar as actividades de forma flexible partindo dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, das súas necesidades e motivacións.
- Potenciará nos nenos e nas nenas unha serie de habilidades que os axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia: observar, investigar, imaxinar, formular hipóteses, anticipar consecuencias, etc.
- Creará un clima afectivo na aula onde o alumnado se sinta seguro e onde a comunicación e o diálogo sexan a base da aprendizaxe.
- Será unha fonte de apoio continuo para os nenos e as nenas: escoitaraos activamente, transmitiralles expectativas positivas e reconecerá os seus logros reforzándoos/as positivamente para que confíen nos seus propios recursos e desenvolvan a súa autoestima.
- Propiciará a participación activa das nenas e dos nenos, e estimulará a súa creatividade, contrarrestando estereotipos e convencionalismos.
- Actuará de forma coordinada co resto do profesorado, nun ambiente que apoie o diálogo e o debate, a análise e a reflexión da práctica educativa.
- Planificará, xunto co equipo educativo, as relacións permanentes coas familias dos nenos e das nenas.

### **4.3. O papel da familia no centro**

A educación infantil debe fundarse no *coñecemento do contexto familiar* e xerar as canles dunha mutua colaboración para promover a presenza e a participación de pais, nais ou titores/as na vida do centro. É conveniente establecer opcións variadas para facilitar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas:

- Contacto cotián, que este ano se verá afectado pola condición que estamos a vivir .
- Encontros formativos e informativos.
- Achega de materiais para os temas que se desenvolvan na aula, que serán os mínimos e indispensables debido a situación ñara evitar o contacto de material.

Do mesmo xeito, o centro deberá despregar as medidas necesarias para posibilitar dita participación e para que cada familia poida encontrar a súa propia canle de participación e colaboración (horarios apropiados, notas explicativas, actitude receptiva, etc.). Establécense no noso horario unha hora semanal para a súa atención de 17:00 a 18:00 h.

#### **4.4. A atención á diversidade**

A intervención educativa debe contemplar como principio a *diversidade* do alumnado adaptando as programacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e das nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Na Educación Infantil a atención á diversidade é, se cabe, máis importante aínda que noutros niveis debido ás grandes diferenzas que existen entre as nenas e os nenos destas idades pola influencia da contorna familiar, as diversas procedencias xeográficas e culturais, a integración de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, etc.

O seu desenvolvemento xerará un conxunto de propostas que responderán aos diversos intereses, capacidades e motivacións do alumnado, sen perder de vista a intención formativa global e os obxectivos do ciclo.

Así mesmo, implementaranse distintos *mecanismos de reforzo*, tanto organizativos como curriculares para atender ás dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas, reguladas no Decreto 229/2011 e as correspondentes ordes de medidas de atención a diversidade poden considerarse:

- O apoio no grupo ordinario.
- Os agrupamentos flexibles.
- As adaptacións do currículo.
- Os reforzos específicos nalgún ámbito.

As diversas *formas de agrupamento* reúnen as seguintes características:

- O *gran grupo* é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.
- O *grupo pequeno* é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, xa que permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal modo que a mestra ou mestre

poida prestarlle as axudas adecuadas segundo o grao de realización da tarefa. A organización en parellas adoita ser moito máis rendible polo grao de implicación que supón.

- A *actividade individual* é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, á vez que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

#### **4.5. O desenvolvemento das competencias básicas**

A Educación infantil ademais de axudar a sentar as bases para o desenvolvemento persoal e social do neno ou da nena, ten un peso importante na construción e na integración de aprendizaxes funcionais (competencias, destrezas, hábitos e aptitudes) que serán o piar do posterior desenvolvemento das competencias básicas e facilitarán a súa posterior adaptación á Educación Primaria.

O *enfoque por competencias* modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, posto que o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento da capacidade dos nenos e das nenas de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como as habilidades ou coñecementos prácticos, como as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia vai, pois, máis alá do saber facer ou aplicar, xa que inclúe, ademais, o saber ser ou estar.

Para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado teranse en conta as seguintes competencias:

##### **- *Competencia en comunicación lingüística***

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións, e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o cal contribuirá, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Iniciarase aos nenos e nenas no uso de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, carteis ou etiquetas e levaranse a cabo actividades de escoita e comprensión de contos, lendas, poesías, adiviñas, trabalinguas, etc.

Para contribuír á mellora da competencia fomentase a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

- ***Competencia matemática***

O desenvolvemento das formas de expresión e razoamento matemático traballarase mediante a observación da redonda próxima do alumnado e a través de situacións cotiás nas que se manexen os elementos matemáticos básicos: distintos tipos de números, medidas, símbolos, figuras xeométricas, etc.

O xogo, o conto e a manipulación de obxectos proporcionan diversas oportunidades para establecer conexións, clasificar, practicar o reconto, a comparación, a estimación, etc. Formular problemas que respondan aos intereses do alumnado e estruturar a súa resolución mediante pasos intermedios servirá, así mesmo, para estimular e desenvolver o pensamento lóxico-matemático.

- ***Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico***

Contribuirase á adquisición desta competencia a través das aprendizaxes centradas na forma de interactuar co espazo físico. Recrear e dotar de significado as distintas redondas próximas ao neno ou á nena (o colexio, a casa, o parque, etc.) a través do xogo, a manipulación de obxectos, a interacción coas persoas favorecerá a súa comprensión e entendemento.

Para potenciar o espírito crítico na observación da realidade iniciarase ao alumnado no pensamento científico e potenciaranse as súas habilidades de investigación: formular interrogantes, recoñecer evidencias, observar, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

- ***Tratamento da información e competencia dixital***

Mediante a utilización do ordenador e dos medios audiovisuais (proxector, encerado dixital, etc.) os nenos e as nenas aprenderán a buscar, seleccionar, rexistrar e analizar a información, utilizando técnicas e estratexias diversas.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información. A autonomía persoal manifestarase en accións como acender e apagar o ordenador, utilizar o rato, identificar e entender o significado das iconas, buscar información abrindo e pechando xanelas, etc.

- ***Competencia social e cidadá***



Esta competencia contribúe ao desenvolvemento das habilidades necesarias para que os nenos e as nenas aprendan a tomar decisións e a responsabilizarse das eleccións adoptadas, e integren as pautas de comportamento social que lles permitan exercer unha cidadanía democrática.

Entre as habilidades que se desenvolven no noso proxecto destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de empatizar e de comprender o punto de vista do outro e practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos.

Tamén se contempla a valoración das diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

#### **- *Competencia cultural e artística***

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas (festas, costumes, xogos tradicionais, gastronomía, etc.) e potenciar o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias.

O traballo con diferentes técnicas plásticas (colorar, recortar, puntear, repasar debuxos con rotulador, etc.) servirá para estimular o gusto e o interese dos nenos e das nenas por experimentar con distintos materiais e gozar do pracer de observar as súas propias creacións.

Os contidos que se recollen neste Proxecto incorporan aprendizaxes relacionadas coas producións culturais, o folclore e o patrimonio artístico da propia Comunidade Autónoma.

#### **- *Competencia para aprender a aprender***

Inclúe as aprendizaxes que axudarán as nenas e os nenos a ir tomando conciencia das propias capacidades -intelectuais, emocionais, físicas-, do que xa saben e do que necesitan aprender, e das estratexias necesarias para alcanzar metas.

Contribuirase á mellora desta competencia nas actividades orientadas a potenciar a comprensión e a expresión lingüística, a memoria, a motivación, a observación e o traballo cooperativo, así como na resolución de problemas da vida cotiá que obrigue os/as escolares a exercitar as habilidades de planificación e organización, e de selección e tratamento da información.

#### **- *Autonomía e iniciativa persoal***

A esta competencia contribúese desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciativa para presentar proxectos, a destreza para argumentar, a iniciación na organización de tarefas e actividades sinxelas, a capacidade para se formular obxectivos e buscar solucións, a flexibilidade para aceptar cambios e innovacións e a convivencia na vida cotiá.

## **5. METODOLOXÍA.**

Durante este curso escolar 2021/2022 a miña labor educativa centrarase principalmente no traballo por proxectos seguindo os centro de interese dos alumnos, procurando sempre, traballar o tema central da escola: MEDIO AMBIENTE E SAÚDE, facendo fincapé no ámbito emocional. Procuraremos que o resto de proxectos xurdan dos intereses dos nenos/as.

A metodoloxía a seguir estará baseada no xogo como estratexia de intervención e levarase a cabo nun ambiente motivador e de confianza.

A interacción levarase a cabo tendo en conta os seguintes principios metodolóxicos: flexibilidade, actividade, individualización, afectividade, globalización e socialización.

As aprendizaxes que pretendemos que o alumnado desenvolva diríxense cara á realización de tarefas enmarcadas en diferentes contextos de aprendizaxe, vinculados coa realidade e tendo en conta a participación das familias e do resto da comunidade educativa. Este ano as principais aprendizaxes tamén terá que ver con hábitos de hixiene e precaución para o covid.

## **O PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

Cando os nenos e as nenas se incorporan á escola sofren unha separación importante da figura de apego (nai, pai, avós, etc.) e isto orixina un conflito e un cambio, porque saen da redonda familiar, na que se senten protexidos/as e seguros/as. A actitude ante a escola, a aprendizaxe e as relacións sociais depende de como se asimile este proceso.

Desde a escola planificarase o período de adaptación para que as criaturas superen estes cambios sen traumas, se autoafirmen e se independicen das súas figuras de apego. Nesta fase son especialmente importantes os contactos coas familias.

O horario de asistencia para este periodo de acordo co calendario escolar é do 9 de setembro ao 21 de setembro do 2021 (adxúntase no Anexo 1 desta P.D. o horario do Periodo de Adaptación)

En caso de que algún alumno ou alumna precisara prolongar o período faríase de xeito

individual previa información a familia .

Os obxectivos que procurarei acadar nestes 10 días lectivos son:

- Aceptar a escola como un entorno propio.
- Ser feliz na escola.
- Entender e acadar as normas da aula.
- Coñecer aos compañeiros/as.
- Coñecer á mestra titora e vela como punto de axuda e apoio.
- Coñecer aos outros mestres/as.
- Coñecer os espazos do centro.
- Ser autónomo na aula (colocar a cadeira, lavar as mans...)
- Iniciarnos en hábitos de hixiene e desinfección relacionados co covid.

Para o desenvolvemento dos proxectos baseados fundamentalmente no xogo, na observación e na experimentación teremos en conta:

### **5.1. A estruturación do tempo e do espazo**

A educación infantil lévase a cabo en todos os espazos do centro, durante todos os momentos da xornada e con todas as persoas que alí viven, o cal implica a comunicación entre as diferentes dependencias da escola, flexibilizando os espazos e rompendo barreiras ficticias, xa que todo o centro se compromete no traballo educativo.

Este curso as actividades terei que realizalas por subgrupos de catro alumnos , co seu propio material e mantendo as distancias de seguridade entre eles, sempre na medida do posible.

Para contribuír á construción de aprendizaxes significativas e relevantes son fundamentais o deseño e a organización dos espazos individuais e colectivos de maneira que resulten atractivos e estimulantes, así como a adecuación dos tempos aos ritmos dos nenos e das nenas. Este curso débense especial coidado na creación de espazos colectivos debido ao COVID-19. Nestes espazos reducirase ao máximo o material e procederase á súa correcta desinfección unha vez utilizado.

#### **a) O deseño do espazo escolar**

Todos os espazos da escola infantil deben considerarse potencialmente educativos. Os profesionais da educación deberán planificar intencionalmente os distintos lugares e espazos do

recinto escolar, tanto dentro como fóra da aula (entrada, patios, corredores, comedor, etc.) para que os nenos e as nenas se sintan seguros/as e a gusto para emprender accións e xogos.

A disposición dos elementos na aula debe ter como finalidade a creación de espazos que favorezan a realización de actividades e a interacción, tendo en conta as necesidades fisiolóxicas (sono, alimentación, hixiene, etc.), afectivas e de autonomía das criaturas.

A variedade de actividades educativas que deben realizarse cos nenos e coas nenas aconsella que a distribución que se faga dos espazos, mobiliarios, materiais... garanta unha oferta diversificada e flexible. Así, as aulas organizaranse en zonas ou espazos diferenciados de actividade ou recunchos, segundo a actividade a realizar: zonas para o encontro grupal, de biblioteca e lectura, de xogo simbólico, de natureza, de construcións, de ordenador, de expresión plástica, de actividades tranquilas, etc.

Este curso, dividirase o grupo-aula en grupos colaborativos que gardarán distancia cos outros grupos na medida do posible. Estes grupos pasarán sucesivamente polos diferentes recunchos claramente diferenciados e distanciados no espazo e co mínimo material posible. Unha vez utilizados os recantos polos grupos realizarase a súa desinfección. Como temos 19 alumnos farei tres grupos de cinco e un de catro.

## **b) O tempo de traballo**

Na escola infantil o tempo é un elemento importante da acción educativa que debe entenderse non só como un instrumento para a organización da vida escolar, senón tamén como un elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e das nenas.

Este recurso organizarémolo de maneira flexible, combinando tempos de actividade con tempos de descanso e actividades libres e espontáneas con actividades dirixidas, de maneira que queden cubertas as necesidades básicas do neno ou da nena (alimento, cambios, soños, etc.) e que cada un deles conte co tempo necesario para poder xogar, explorar e aprender coa persoa adulta e outros compañeiros e compañeiras, de acordo aos seus ritmos individuais.

Traballaremos con rutinas que favorezan a sistematización das tarefas e que lles dean seguridade aos nenos e ás nenas, ao saber con antelación as actividades que van realizar nun momento determinado e o que teñen que facer. Para que os nenos e as nenas teñan puntos de referencia o/a as mestras proporcionaremoslle algunhas pautas:

- Respetar a secuencia temporal dalgunhas actividades rutineiras.
- Establecer mecanismos para indicar o inicio e a finalización das actividades.

- Lembrarlles as cousas que fixeron ao longo do día e da semana, etc.

Debido aos cambios que se producen nestas idades en poucos meses é necesario pensar e planificar as modificacións de espazos, tempos e materiais que se irán producindo ao longo do ano a medida que as necesidades das nenas e dos nenos o requiran.

A temporalización da presente Programación Didáctica, así como dos proxectos seguirá sempre un criterio de flexibilidade.

## **5.2. Os materiais para a organización da aula**

Os materiais que ofrece a escola constitúen un importante instrumento para a acción e para o establecemento de relacións orientado para a construción e reorganización do coñecemento, tanto do mundo físico como do emocional e social do neno e da nena. O valor destes materiais reside fundamentalmente nas posibilidades de acción, manipulación, experimentación e conflito que proporcionen, de acordo á intencionalidade educativa e aos obxectivos que previamente se definiron.

Ofreceranse oportunidades para experimentar con recursos como as tecnoloxías da información e comunicación (ordenador, periféricos, cámara dixital, etc.), libros e material impreso, e outros materiais e recursos expresivos como pinturas, arxila, láminas e libros de arte, mapas e lupas.

Os materiais educativos e de equipamento reunirán as seguintes características:

- Deben apoiar a actividade infantil promovendo a investigación e a exploración.
- Deben ser polivalentes, permitindo realizar diferentes accións, usos e experiencias, en función dos intereses de quen os utilice, e adecuarse aos diferentes ritmos dos membros do grupo.
- Deben ser variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil: motor, sensorial, cognitivo, lingüístico, afectivo e social.
- Deben ser, na medida do posible, elementos da vida cotiá da comunidade, útiles, ferramentas..., que, baixo supervisión de persoas adultas poidan ser utilizados coas mesmas fins para os que esta sociedade os creou.

Os materiais colocaranse en lugares accesibles de maneira que poidan ser vistos e utilizados polos nenos e as nenas de forma autónoma, evitando a dependencia da persoa adulta, e disporanse ordenadamente para facilitar a súa situación e colocación posterior.

## EXEMPLO DUN DOS PROXECTOS: “UN CURSO CHEO DE EMOCIÓNS”

### a) XUSTIFICACIÓN

Este proxecto non parte dos intereses dos nenos/as senón que se leva a cabo por ser a temática anual escollida polo CEIP de Arzúa para traballar durante o curso 2021/2022.

### b) OBXECTIVOS

- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos e tamén, identificar e respectar os das outras persoas.
- Aceptar as pequenas frustracións, manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presenten na realización de tarefas sinxelas e na resolución de problemas da vida cotiá.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o respecto aos demais, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

### c) CONTIDOS

- Recoñecemento das distintas sensacións e percepcións sensoriais e dos sentidos como medio de comprensión do mundo que nos rodea.
- Identificación e expresión de necesidades básicas, sentimentos e emocións propios e alleos e o seu control progresivo.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación e características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.
- Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través dos medios de comunicación.

### c) METODOLOXÍA (a explicada anteriormente no apartado 5)

### d) ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E DO TEMPO (tamén será a explicada anteriormente).

### e) ACTIVIDADES

Como en todo proxecto, comezaremos coas actividades de introdución e motivación para identificar os intereses e coñecementos previos do noso alumnado.

Pasaremos despois ás actividades de desenvolvemento, ás actividades de consolidación, as actividades de ampliación e reforzo e por último as actividades de avaliación.

Dentro destas actividades algunhas serán de gran grupo, de pequeno grupo e especialmente actividades individuais.

\*Sempre que sexa posible realizáremolas no exterior atendendo ás recomendacións sanitarias do protocolo COVID-19.

## **METODOLOXÍA NO CASO DA EDUCACIÓN A DISTANCIA.**

No caso de volver a un novo confinamento empregaría a mesma metodoloxía utilizada o curso pasado , xa que os resultados acadados foron satisfactorios.

A metodoloxía estará baseada no xogo como estratexia de intervención e procurarase levar a cabo nun ambiente motivador e de confianza, onde eu, como titora, intercambiarei continuamente información coas familias do alumnado.

A interacción levarase a cabo tendo en conta os seguintes principios metodolóxicos: flexibilidade, actividade, individualización, afectividade, globalización e socialización.

As aprendizaxes que pretendemos que o alumnado desenvolva diríxense cara a realización de propostas enmarcadas en diferentes contextos de aprendizaxe, vinculados coa realidade que estamos a vivir e de forma globalizada.

Semanalmente facilitarei ás familias unha serie de recursos e actividades para a estadía na casa.

Ao proporcionar este traballo de forma semanal, as familias teñen a liberdade de organizarse de acordo coas súas posibilidades de acción e sempre serán voluntarias.

Serán actividades abertas á propia interpretación e adaptación. Serán voluntarias.

As canles de comunicación coas familias serán: os teléfonos móbiles, a plataforma Cisco Webex, a páxina web do centro e calquera outro medio que se poida habilitar para este fin.

## **6. AVALIACIÓN**

### **6.1 Principios**

Conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro no Segundo Ciclo da Educación Infantil debe abranguer tanto a actividade de aprendizaxe como a

planificación do ensino e práctico docente. Seguindo a nosa Orde do 25 de xuño de 2009 defínese como global, xa que se refire ao conxunto de capacidades; continua, dado que é inseparable do proceso de ensino, e formativa porque permite regular, orientar e corrixir o proceso educativo.

A avaliación debe ter, así mesmo, un carácter permanente e sistemático e ter en conta globalmente todos os ámbitos de desenvolvemento da persoa así como a singularidade de cada neno e nena, analizando e valorando os seus procesos de desenvolvemento e as súas aprendizaxes.

No Segundo Ciclo da Educación infantil, os obxectivos da avaliación son:

- Identificar as aprendizaxes adquiridas polo alumnado en función do ritmo e características de cada un.
- Valorar o grao de desenvolvemento das competencias básicas.
- Identificar as dificultades coas que se encontran os nenos e as nenas e os recursos dos que dispoñen para tentar superalas.
- Axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades detectadas, a partir da avaliación dos resultados conseguidos.

Ademais, deberán evitarse aquelas prácticas e actitudes que poidan proxectar expectativas negativas sobre os nenos e as nenas. Por exemplo:

- A formación de conceptos prematuros sobre as posibilidades dos nenos e das nenas.
- O emprego de etiquetas ou valoracións, que poidan determinar a imaxe que os propios nenos e nenas adquiren de si mesmos

No proceso de avaliación é importante a relación constante coa familia para recoller información relevante sobre os procesos de desenvolvemento e as aprendizaxes de cada neno e nena, así como para unificar criterios de actuación e coordinar as accións. Os mestres e mestras, a través da acción titorial, informarán ás familias do resultado da avaliación e, en xeral, do proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas para os/as facer copartícipes del.

## **6.2. Avaliación do proceso de aprendizaxe**

### **a) Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación que establece o currículo oficial para avaliar cada área servirán como referente para orientar a acción educativa, identificar as posibilidades e as dificultades



de cada neno e nena e valorar o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe. Serán definidos por cada titor ou titora tendo en conta o establecido polo equipo docente e os procesos de aprendizaxe de cada neno ou nena, os seus avances, posibilidades e dificultades.

Os criterios de avaliación deben ser, tamén, un instrumento de atención á diversidade. A súa formulación debe permitir avaliar as capacidades individuais de cada nena ou neno.

#### b) Técnicas e instrumentos de avaliación

Dado que a avaliación é un proceso flexible, pódense empregar diferentes instrumentos de avaliación para analizar os progresos e as dificultades dos nenos e das nenas e poder axustar a intervención educativa.

Os que demostraron unha maior efectividade nesta etapa educativa son os seguintes:

- *A observación directa e sistemática* dos nenos e das nenas dentro e fóra da aula. Este seguimento permite recoller información sobre a participación e o traballo realizado por cada neno e nena en distintos contextos e actividades de aprendizaxe (xogos, producións plásticas e musicais, etc.). Pódense utilizar varios instrumentos de rexistro da información (diario de clase, rexistros de conduta, fichas de observación, etc.) sempre que permitan establecer uns criterios claros, susceptibles de ser observados e rexistrados e que proporcionen pautas para adecuar e individualizar as estratexias e os procesos de aprendizaxe.
- *A entrevista coas familias*. Trátase dunha técnica moi útil para obter información sobre a opinión, as actitudes, motivacións dos nenos e das nenas e das familias. Para asegurar a súa efectividade é preciso definir previamente os seus obxectivos e realizar un sistema de rexistro da información esencial, que pode combinarse, así mesmo, cos datos recollidos nas entrevistas informais

#### c) Temporalización da avaliación

A avaliación é continua, posto que comeza nos inicios do proceso educativo e desenvólvese ao longo de toda a etapa. As mestras empregaremos as distintas situacións educativas, dentro e fóra da aula, para analizar os progresos e dificultades do alumnado. Non obstante, convén destacar as particularidades da avaliación ao comezo da etapa:

Partirase dunha *avaliación inicial* que recadará información acerca das características do neno ou da nena, da súa familia e do medio no que vive e do que procede para establecer os mecanismos e recursos que, con maior probabilidade, orienten o neno ou a nena para o éxito escolar.

### **6.3. Avaliación do proceso de ensino**

– Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos da redonda do alumnado e algunhas características da súa organización.

– Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.

– Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

#### ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

– Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

- Comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Amosar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

### **13.CRITERIOS DE AVALIACIÓN 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

#### **ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Identificar segmentos e elementos do propio corpo.
- Identifica as diferenzas físicas entre o propio corpo e os demais.
- Valorar, respectar e aceptar as diferenzas.
- Interpretar nocións direccionais co corpo.
- Utiliza os sentidos para descubrir propiedades.
- Identificar sensacións e necesidades do propio corpo.

- Desenvolver estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

#### ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.

- Empregar nocións básicas de orientación espacial.
- Empregar de xeito autónomo as ferramentas necesarias para a hixiene alimentaria.
- Identificar algúns cambios que se producen no ambiente e que están relacionados co tempo.
- Ser progresivamente autónomo/a no ámbito escolar.
- Coñecer algunhas características dos animais próximos a eles/as.
- Identificar as profesións do seu contorno inmediato.
- Iniciarse no coñecemento dalgúns medios de transporte e dalgúns medios de comunicación e información.
- Coñecer algúns distintivos doutras culturas presentes no seu contorno.
- Comezar a coñecer algunhas normas de seguridade viaria.
- Observar, explorar e manipular diferentes obxectos.

#### ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos ..., a través da linguaxe oral e a través doutros idiomas
- Aumentar o seu vocabulario progresivamente.
- Amosar actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Ler e interpretar imaxes.
- Coñecer algúns elementos e instrumentos da lingua escrita.
- Usar as regras correctamente para saudar e despedirse.
- Compoñer oracións afirmativas, negativas e interrogativas.
- Realizar trazos correctamente.
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas ..., lidos na clase.
- Coñecemento anticipado da serie numérica.
- Controlar a direccionalidade da ortografía de números.
- Adquirir nocións básicas temporais e espaciais.
- Coñecer algunhas propiedades dos obxectos.
- Recoñecer e distinguir o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo e o rombo.

- Usar cuantificadores básicos.
- Comparar e agrupar obxectos pola súa forma, cor, tamaño e textura.
- Empregar a serie numérica para contar elementos.
- Iniciarase no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Expresar e comunicarse utilizando soportes e técnicas de linguaxe audiovisual e novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Empregar as técnicas e recursos da expresión plástica, corporal e musical.
- Iniciarase en novas técnicas de expresión plástica.
- Discriminar diferentes sons.
- Coñecer algúns instrumentos musicais.

#### **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

De acordo coa necesidade de integración das TIC no currículo das diferentes áreas, contamos cun ordenador en cada aula, proxector e unha PDI. Tamén contamos con aula de informática para desenvolver a competencia básica de tratamento da información e a competencia dixital, que se fará de xeito sistemático e progresivo. Preténdese introducir aos alumnos e alumnas nas habilidades de acendido e apagado do ordenador, manexo do rato, etc. Así mesmo, deseñaranse actuacións para favorecer o acceso dos alumnos/as ás novas tecnoloxías empregándoas para o traballo cotián e nas actividades de aula. Este curso, atendendo ao protocolo COVID-19, sempre que se utilicen estes medios procederase á correcta limpeza e desinfección dos mesmos.

Este curso potenciaremos tamén actividades encamiñadas a robotica educativa na educación infantil.

#### **15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Desde o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, pais, nais e alumnos/as,...) que

conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflito. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro.

En todo momento, colaboraremos co Departamento de Orientación e manterase unha actitude aberta ao diálogo para solventar posibles conflitos que xurdan ao longo do curso.

## **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO**

Participaremos en todas aquelas actividades encamiñadas ao desenvolvemento de capacidades vencelladas ao gusto pola lectura e valoración da nosa lingua.

Cumprirase os vinte minutos establecidos no horario de aula como “*Hora de ler*”, durante a terceira sesión na que realizaremos contacontos, lectura de pictogramas, visionado de contos en formato dixital,...

Asisitiremos a biblioteca , xa sexa para contar contos ou para realización de préstamos de libros.

O que se continúa é participando no PLAMBE, tendo como eixo vertebrador o “**Un mundo cheo de emocións**”, polo que na aula realizaremos actividades encamiñadas a afondar os nosos coñecementos sobre o devandito tema.

## **17. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.**

A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias.

Programarase a educación en valores seguindo os seguintes criterios:

Educación ambiental: manifestando respecto pola Natureza, rexeitando a contaminación, fomentando os usos de coidado do medio,... de acordo co proxecto anual do centro.

Educación para a saúde:, traballando aspectos importantes como a hixiene corporal e o lavado de mans, os beneficios do exercicio físico axeitado, os hábitos de descanso diario, etc...

Educación para a igualdade: participando por igual nenos e nenas en tódalas actividades, aceptando a non discriminación segundo o sexo.

Educación para a paz: con actividades para fomentar a solidariedade, o respecto á diversidade, capacidade de diálogo e participación social, resolución pacífica de conflitos...

Educación para o consumo: a través do descubrimento do valor de diferentes obxectos e produtos de uso cotián, fomentando un consumo responsable...

Educación moral e cívica: con actividades para traballar valores de tolerancia, aceptación e valoración dos outros.

Educación viaria: tratando de coñecer as normas de circulación e actuar correctamente como peóns, viaxeiros ou condutores. Aspectos que se traballarán por exemplo nas diferentes saídas que se realicen polo contorno.

Educación sexual: Traballarase o aprecio do propio corpo e a mellor autoestima así como o respecto mutuo, identificando as diferencias entre o sexo masculino e feminino.

## **18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Participaremos nas actividades complementarias e extraescolares que partan do centro. Tamén traballaremos todas aquelas conmemoracións que establece o calendario escolar.

Contémpase tamén a posibilidade de realizar algunha saída ( xa sexa ao entorno máis próximo ou a algún outro lugar) ao longo do curso escolar sempre e cando as condicións epidemiolóxicas do momento o permitan e a titora o considere.

Cabe tamén a posibilidade da realización de actividades complementarias como a realización de talleres , obradoiros ...que poidan xurdir a través de anpa O Formento ou Anpa Xermolos e mesmo gracias a implicación e colaboración das familias.

Así mesmo participaremos en todas as actividades propostas polos diferentes equipos do centro , así como nas celebracións e conmemoracións establecidas polo calendario escolar,

Este ano participaremos dentro do plan proxecta na modalidade de Aliméntate Ben e en Iguálate

## **19. CONCLUSIÓN**

Esta programación será un instrumento fundamental de axuda que nos orienta no proceso de ensinanza aprendizaxe. Con ela sistematizamos o traballo diario previndo, de forma flexible, as tarefas a realizar durante o proceso educativo. En calquera caso esta programación non é un documento pechado, senón que está aberto de cara á adaptabilidade en virtude das características particulares do alumnado e da situación sanitaria que continuamos a vivir.

## **20. BIBLIOGRAFÍA**

Destacaremos os textos principais sobre os que se apoia a elaboración da presente programación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Protocolo Covid e plan de continxencia do centro.

A titora:

- Maria del Carmen Vázquez Rial

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS) CURSO 2021/2022 CEIP DE ARZÚA

1. CONTEXTUALIZACIÓN.
2. BASES LEXISLATIVAS.
3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL.
4. BASES PSICOPEDAGÓXICAS.
5. METODOLOXÍA.
  - 5.1. A ESTRUTURACIÓN DO TEMPO E DO ESPACIO.
  - 5.2. OS MATERIAIS PARA A ORGANIZACIÓN DA AULA.
  - 5.3. AS ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.
  - 5.4. METODOLOXÍA NAS MODALIDADES EDUCATIVAS PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.
6. AVALIACIÓN.
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
8. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.
9. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO.
10. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO: 5ANOS
11. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. TERCEIRO CURSO: 5-6 ANOS
12. CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL
13. ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO: 5 ANOS
14. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO
14. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DEL TERCEIRO CURSO: 5 ANOS
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO
18. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
20. CONCLUSIÓN.
21. PROTOCOLO COVID

#### BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía



## 1. CONTEXTUALIZACIÓN:

A continuación imos desenvolver unha programación didáctica de aula seguindo as bases da Lei Orgánica 2/2006 de 13 de maio de educación e o currículo do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, tendo en conta que a súa redacción estará en coherencia no relatado na programación para o segundo ciclo de educación infantil.

Esta programación está pensada para levar a cabo no C.E.I.P. de Arzúa, nas dúas aulas de 6º A e 6º B de infantil que conta cun total de 16 nenos e nenas en cada aula.

O devandito centro ten **xornada** mixta, sendo que os luns e os martes abrangue de 09:50 a 14:20, sendo a sesión da tarde de 16:00 a 17:00 horas, os mércores, xoves e venres a xornada é só matinal dende ás 09:50 ata as 14:30 horas (agás nos meses de setembro e xuño co horario será de 9.40 a 14.40).

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas (sala de mestres, biblioteca, aula de audiovisuais, oficinas,...), un ximnasio, o comedor e aula de psicomotricidade, varias pistas deportivas e areeiro. Así mesmo, dispón de departamento de orientación propio composto pola orientadora, a mestra de audición a linguaxe e dúas mestras de pedagogía terapéutica ( unha delas compartida con perfil de A.L.).

A principal actividade económica dos familiares está vencellada á agricultura e gandaría, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua máis empregada no centro é o galego, o que coincide coa que falan maioritariamente os alumnos e as alumnas do grupo para os que se atopa orientada esta programación. Por este motivo, a lingua vehicular da aula será o galego, conseguindo, deste xeito, unha continuidade entre o ambiente familiar e o escolar ó recorrer ó uso da lingua materna do alumnado.

### **Profesorado que imparte clases no 6º nivel etapa de educación infantil:**

- Mestre titor da aula do 6º nivel da etapa de educación infantil “A” e encargada de impartir as sesións de alternativa á relixión: Alicia Casal Neira.
  
- Mestre titor da aula do 6º nivel da etapa de educación infantil “B” e encargada de impartir as sesións de alternativa á relixión: Natalia Álvarez López
  
- Mestre de apoio da Etapa de Educación Infantil, que impartirá Tic´s e sesións de Psicomotricidade: Josefa Sanmartín Souto
  
- Mestre especialista de Lingua Estranxeira: Jose Luis Bóveda Suárez
  
- Mestre especialista de Educación Musical: Temos dous mestres especialistas a titular, Shadia Abdulkadir Rodríguez e o mestre substituto, David Ramos.

- Encargado de impartir Educación Religiosa: Remedios Pedrosa Fernández.

Estruturaremos o curso escolar en base aos tres trimestres que se contemplan no calendario escolar e as avaliacións a realizar en cada un deles.

Ao longo do curso realizaranse as pertinentes reunións promovendo un ambiente de coordinación e cooperación entre tódolos membros. Asemade, iniciarase na colaboración e seguimento dos diferentes plans e equipos, é dicir do plan lector, de biblioteca, de convivencia e de TIC.

“O proceso educativo esixe unha estrita planificación (aparte das complexas variables que nel inciden) porque da calidade dos seus resultados depende o desenvolvemento persoal e social dos discentes” (Sarramona e Tarín).

Na elaboración da Programación didáctica teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Características dos discentes:

Constitúen a fonte psicolóxica e epistemolóxica do currículo. Deberiamos telas en conta xa que permitirán potenciar o desenvolvemento harmónico do discente a través de tódalas súas capacidades e ámbitos:

- **Ámbito afectivo:** segundo Wallon os discentes de 5 a 6 anos atópanse no estadio de personalismo (3-6 anos); neste estadio o discente busca a súa propia identidade, afirmando e conquistando a súa autonomía; adoita xurdir entón un período de oposición e de “gracia”, e un período de imitación.
- **Ámbito social:** nestas idades xorde a crise de desenvolvemento denominada por Erikson “iniciativa versus culpa” (3-6 anos) xa que necesita que os adultos valoren as súas iniciativas, necesita sentirse aceptado ou do contrario desenvolverá sentimentos de culpabilidade.
- **Ámbito cognitivo-motor:** Piaget localiza a estes discentes no período preoperacional (2 - 6/7 anos aproximadamente), e dentro deste no subperíodo de carácter intuitivo articulado (5-6 años). Neste período o pensamento vai acompañado da linguaxe, xogo simbólico, a imitación diferida e demais formas da función simbólica. O seu pensamento funciona a base de preconceptos caracterízase por: o egocentrismo, animismo, artificialismo, pensamento trasductivo, xustaposición, centralismo, sincretismo e realismo.
- **Ámbito moral ou ético:** segundo Kohlberg, o discente oriéntase polo castigo e a obediencia. É a etapa premoral. Piaget di que o discente manifesta unha sumisión á autoridade aínda que segue existindo o egocentrismo.
- Ademais teranse en conta as características do entorno dos discentes e do colexio, é dicir, os datos os datos da realidade social e humana na cal se vai levar a cabo a actuación educativa (diversidade xeomorfolóxica e climatolóxica, equipo de poboamento, contorno social, etc), e que conforman a fonte socioantropolóxica do currículo.

b) Principios psicopedagógicos e consecuencias didácticas:  
Constitúen a fonte pedagóxica e epistemolóxica do currículo. Os principios deben quedar integrados dentro do denominado “enfoque globalizador”, e serían: partir do nivel de desenvolvemento do discente (capacidade e coñecementos previos); construción de aprendizaxes significativos por sí sós (aprender a aprender); modificación de esquemas de coñecemento; intensa actividade por parte do /da alumno /a; inserción no medio, etc.

Con respecto ás propostas didácticas deberíamos:

- partir das súas experiencias (aprendizaxe significativa);
- favorecer a relación entre os novos contidos e os que xa posúe; métodos e recursos variados e potenciadores de estratexias de busca e organización;
- impulsar as relacións entre iguais (principio de socialización);
- crear un clima de aceptación mutua e cooperación.

## **2. BASES LEGISLATIVAS: DECRETO 330/2004, DO 4 DE XUÑO**

### PRINCIPIOS XERAIS:

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa con entidade propia que atende nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade.

Esta etapa ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres ata os seis anos de idade.

A Educación Infantil ten carácter voluntario. O Segundo Ciclo da etapa será gratuíto.

### FINS:

Contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas atendendo a:

- O desenvolvemento afectivo.
- O movemento e os hábitos de control corporal.
- As manifestacións da comunicación e da linguaxe.
- As pautas elementais de convivencia e relación social.
- O descubrimento das características físicas e sociais do medio.
- A elaboración dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos.
- A adquisición duns niveis axeitados de autonomía corporal.

### OBXECTIVOS:

O segundo ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos demais, respectando as diferenzas interpersoais.
- Explorar a súa redonda familiar, natural e social.
- Adquirir unha autonomía progresiva nas actividades cotiás.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Adquirir pautas elementais de convivencia e exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver diversas habilidades comunicativas.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, a lecto-escritura, o movemento, o aceno e o ritmo.

### ÁREAS DE COÑECEMENTO:

Os contidos educativos desta etapa organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas que se imparten no Segundo Ciclo da Educación Infantil son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da redonda.
- Linguaxes: comunicación e representación.

As áreas deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia e desenvolveranse mediante a realización de actividades globalizadas e significativas para os nenos e nenas.

Os métodos de traballo, baseados nas experiencias, nas actividades e no xogo, aplicaranse nun ambiente de afecto e de confianza para potenciar a súa autoestima e a integración social.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben constituír un recurso didáctico ineludible en toda a etapa, especialmente no segundo ciclo.

As áreas de coñecemento deben entenderse como espazos de aprendizaxe de: Actitudes, procedementos e conceptos.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

No Segundo Ciclo da Educación Infantil, a avaliación será:

- Global.
- Continua.

- Formativa.

Os procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación serán diversos e incluírán entre eles a observación directa e sistemática dos progresos do alumnado.

Para identificar as aprendizaxes adquiridas tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

Os mestres e as mestras deberán avaliar, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

### ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa a:

- As características persoais de cada alumno e alumna.
- As necesidades e intereses dos nenos e das nenas.
- O estilo cognitivo de cada alumno e alumna.

Cada centro adoptará as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo adaptándoo ás características dos nenos e das nenas e á súa realidade educativa.

### **3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL**

A Educación infantil constitúese, desde os primeiros cursos, como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e das nenas no desenvolvemento global de todas as súas capacidades. Por iso, a nova ordenación educativa xurdida a partir da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, considéraa unha etapa educativa con entidade propia e establece os principios xerais, os obxectivos e os principios pedagóxicos referidos ao conxunto da etapa.

A importancia dun adecuado desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas durante os seus primeiros anos de vida en relación co seu proceso de aprendizaxe é un feito contrastado pola psicoloxía evolutiva e educativa.

Cada persoa ten unha particular maneira de ser e de estar no mundo, de se relacionar con outras persoas, co espazo e cos obxectos, e estes esquemas constrúense especialmente durante os primeiros seis anos de vida, de maneira que esta etapa ten implicacións positivas, no social, económico e educativo ao longo de toda a vida.

A educación en materia temperá foi unha das prioridades estratéxicas recoñecidas por diversos organismos internacionais como a OCDE, a través do seu Comité de Educación, ou a UNESCO. Un dos maiores impulsos á Educación Infantil proveu da Declaración Mundial de Educación para Todos, que se celebrou en Jomtien, onde se reuniron as principais axencias internacionais vinculadas á educación, e o posterior Informe da Comisión Internacional sobre a Educación para o Século XXI, encomendado a unha Comisión presidida por Jacques Delors.

O informe Delors, "A educación pecha un tesouro", converteuse nun referente porque transcende unha visión puramente instrumental da educación e considera a súa función en toda a súa plenitude, asociada á realización da persoa, de maneira que cada individuo poida despregar todas as súas potencialidades. Concibida desta forma a educación básica é "un pasaporte para toda a vida", cuxos alicerces se constrúen na primeira infancia.

Para lograr este propósito establécense catro aprendizaxes fundamentais ou piares:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a ser.
- Aprender a vivir xuntos.

De acordo a estes principios a acción dos educadores e das educadoras na etapa de Educación Infantil debe estar encamiñada a propiciar aprendizaxes en ambientes que favorezan o desenvolvemento afectivo e motriz dos nenos e das nenas de xeito que:

- Estean en condicións de obrar con crecente capacidade de autonomía, de xuízo e de responsabilidade persoal (aprender a ser).
- Desenvolvan a comprensión do outro e a percepción das formas de interdependencia (aprender a vivir xuntos)
- Adquiran coñecementos e competencias que os/as capaciten para facerlles fronte ás diferentes situacións da vida (aprender a coñecer e a facer).

### **3.1. Finalidades e obxectivos da Educación Infantil**

A Educación Infantil ten como principal finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e equilibrado dos ámbitos físico, afectivo, social e intelectual dos nenos/as desde o nacemento ata os seis anos de idade.

Para iso debe organizar e proporcionar actividades e experiencias que configuren un ambiente óptimo para o desenvolvemento e aprendizaxe nestas idades.

O currículo organizouse en tres áreas de coñecemento e experiencia que van contribuír ao desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado e vanlle permitir

aproximarse á interpretación do mundo, outorgándolle significado e participando activamente nel:

1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
2. Coñecemento da redonda
3. Linguaxes: comunicación e representación

A través destas áreas, cuxas características se desenvolven no apartado x deste proxecto, no Segundo ciclo da Educación Infantil preténdese acadar os seguintes obxectivos xerais:

**a) Potenciar e favorecer o desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas respectando a diversidade e as posibilidades de cada un.**

Entre os 3 e os 6 anos de idade os nenos e as nenas inician a súa inserción social, ao mesmo tempo que constrúen unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e adquiren hábitos básicos de comportamento que lles permiten adquirir unha autonomía persoal, establecer os seus primeiros vínculos afectivos e descubrir as características físicas e sociais do medio no que viven.

Para afianzar o seu desenvolvemento como persoas en todos estes ámbitos potenciarase:

- O coñecemento, a valoración e o control da súa propia persoa, das súas posibilidades e limitacións.
- A adquisición progresiva de destrezas para realizar as actividades cotiás cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa.
- O desenvolvemento das súas capacidades emocionais e afectivas.
- A capacidade de establecer relacións positivas cos iguais e coas persoas adultas e de adquirir as pautas elementais de convivencia e de relación social.
- A observación e a exploración da redonda natural, familiar e social para coñecer os distintos grupos sociais que a integran, as súas características, costumes e tradicións e xerar actitudes de respecto e confianza.
- O desenvolvemento de habilidades comunicativas a través da lingua oral e doutras linguaxes e formas de expresión, iniciándose no uso da lingua estranxeira.
- A iniciación na aprendizaxe da lectura e a escritura, a expresión visual e musical e o uso das tecnoloxías da sociedade da información.

**b) Potenciar a transmisión dos valores democráticos.**

A concepción integral da educación implica incorporar no currículo, con carácter de transversalidade, aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución

pacífica, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Igualmente integráranse aqueles contidos que a propia sociedade demanda, tales como:

- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos
- Educación para o coidado e conservación do ambiente.
- Educación no consumo ou na seguridade viaria, etc.

### **c) Preparar os nenos e as nenas para o bo seguimento da escolaridade obrigatoria**

A Educación Infantil considérase unha etapa con entidade propia, centrada na idea dun neno ou nena competentes, con capacidade de acción e con dereitos plenos. Non obstante, debe haber unha coordinación entre os dous ciclos da Educación Infantil e entre o segundo ciclo desta etapa e o primeiro ciclo da Educación Primaria, co fin de detectar as necesidades educativas de cada neno e nena e garantir así a continuidade dos procesos de ensino e aprendizaxe.

## **3.2. O alumnado do Segundo Ciclo de Infantil**

A Educación Infantil ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os 3 aos 6 anos. Este proxecto ofrece unha proposta educativa adaptada ás necesidades dos nenos e das nenas do Segundo Ciclo da Educación Infantil.

Para que se dea unha correspondencia entre os obxectivos deste ciclo e os contidos do programa é preciso coñecer, en primeiro lugar, o desenvolvemento dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos.

### **a) Desenvolvemento psicomotor**

Os nenos e as nenas de 3 a 6 anos móvense con soltura, están preparados para definir a súa lateralidade e construír o seu esquema corporal a través da exploración do seu propio corpo. O desenvolvemento da súa coordinación motora permítelles explorar a redonda e desenvolver a capacidade de se orientar no tempo e no espazo. Incrementan, así mesmo, a súa capacidade de atención e de control do seu propio corpo: aprenden a dominar as necesidades primarias e afinan as habilidades manuais (motricidade fina) necesarias para perfeccionar a escritura, estar quietos/as durante fraccións de tempo cada vez máis longas, etc.

### **b) Desenvolvemento cognitivo**



Entre os tres e os seis anos os nenos e as nenas organizan o seu pensamento en torno a esquemas mentais sinxelos e básicos, sobre os que pouco a pouco irán asentándose outros cada vez máis elaborados. Utilizan a intuición e guíanse polo ensaio e o erro para aprender. Van afinando o coñecemento da súa redonda máis próxima de forma progresiva e, en situacións coñecidas, son capaces de captar relacións entre obxectos, comprender secuencias simples no tempo e establecer conexións de causa-efecto.

Mediante unha axeitada estimulación e nun contexto motivador chegan a iniciarse en estruturas mentais máis complexas: comprenden que certas cousas seguen sendo iguais aínda que cambien de aspecto, forma ou tamaño; clasifican obxectos segundo sexan ou non parecidos; realizan ordenacións sinxelas; son capaces de memorizar a partir de relacións de semellanza ou proximidade, etc.

A súa linguaxe oral vaise facendo cada vez máis expresiva, amplían o seu vocabulario, definen palabras e fan frases cada vez máis longas. Falan en voz alta para regular as súas accións e desenvolven a imaxinación, inventando historias e dándolles vida a obxectos inanimados.

### **c) Desenvolvemento persoal e afectivo-social**

Nestas idades comezan a tomar conciencia do propio eu. Este proceso está determinado pola súa identificación coas persoas adultas, de quen aprenden, a través da imitación, formas de comportamento e normas sociais básicas co fin de conseguir reforzos e recompensas, e evitar posibles castigos.

A medida que progresan no seu desenvolvemento intelectual e adquiren máis recursos comunicativos incrementanse as súas relacións con outros nenos e nenas, comezan a formar pequenos grupos e manteñen un vínculo afectivo co mestre ou mestra, por quen necesitan sentirse aceptados e queridos.

## **4. Bases Psicopedagóxicas**

### **4.1. O proceso de aprendizaxe**

Os procesos de ensino e aprendizaxe nesta etapa deben tender a un enfoque globalizador e integrador, de xeito que permitan incorporar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado.

Para contribuír ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas, a escola de educación infantil, xunto á familia, debe facer posible unha infancia de múltiples relacións e oportunidades que facilite a construción da súa propia identidade e estimule diferentes modos de relación a través de experiencias e actividades de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno e nena, para

chegar a alcanzar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

A forma de entender o principio de globalización polos/as profesionais da Educación Infantil foi evolucionando co paso do tempo. Na actualidade, xa non se entende a globalización como a práctica que integra de xeito artificial e descontextualizado contidos pertencentes ás distintas áreas ou disciplinas en torno a unha determinada temática, senón máis ben como unha perspectiva que orienta e condiciona o traballo tanto no que concirne á planificación da intervención educativa como ao modo no que nenos e nenas deben achegarse aos coñecementos para os aprender.

Refírese pois, tanto ao proceso de ensino como ao de aprendizaxe:

- No relativo ao proceso de ensino, o enfoque globalizador permite que os nenos e as nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, pondo en xogo, de forma interrelacionada, mecanismos afectivos, intelectuais, expresivos. Este principio aféctalle tanto á formulación dos obxectivos como á selección, secuenciación planificación e presentación dos contidos, así como á definición dos xeitos de traballo.
- No concernente ao proceso de aprendizaxe, o enfoque globalizador garda unha estreita relación coa significatividade das aprendizaxes. Nenos e nenas aprenden construíndo, reinterpretando de maneira compartida coas demais persoas os coñecementos e saberes da cultura na que viven. Aprender de forma globalizada supón establecer múltiples e conexións e relacións entre as aprendizaxes novas e o que xa se sabe ou se viviu.

Outro dos requirimentos para *aprender significativamente* é que as nenas e os nenos teñan unha disposición positiva para a aprendizaxe, é dicir, que as aprendizaxes conecten cos seus intereses e respondan ás súas necesidades. Para iso, na planificación e o desenvolvemento das programacións:

- Promoverase a participación dos nenos e das nenas para que poidan manifestar e compartir as súas experiencias co resto do grupo.
- Utilizaranse estímulos variados para favorecer a motivación intrínseca e a implicación do alumnado, fundamentalmente a través do xogo.
- Fixaranse metas que sexan comprendidas polo alumnado, que sexan realistas e que poidan alcanzar de acordo ás súas competencias.

#### **4.2. O papel do profesorado**

O mestre ou a mestra será quen se responsabilizará de concretar, para cada grupo de nenos e nenas, a proposta pedagóxica e de facer que as actividades de aprendizaxe resulten significativas e motivadoras para o alumnado. Para conectar co saber, co saber facer e co saber estar do alumnado asumirá distintos roles: dirixir, suxerir, acompañar, etc.

A súa intervención pódese concretar nos seguintes puntos:

- Encargarase de organizar as actividades de forma flexible partindo dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, das súas necesidades e motivacións.
- Potenciará nos nenos e nas nenas unha serie de habilidades que os axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia: observar, investigar, imaxinar, formular hipóteses, anticipar consecuencias, etc.
- Creará un clima afectivo na aula onde o alumnado se sinta seguro e onde a comunicación e o diálogo sexan a base da aprendizaxe.
- Será unha fonte de apoio continuo para os nenos e as nenas: escoitaraos activamente, transmitiralles expectativas positivas e recoñecerá os seus logros reforzándoos/as positivamente para que confíen nos seus propios recursos e desenvolvan a súa autoestima.
- Propiciará a participación activa das nenas e dos nenos, e estimulará a súa creatividade, contrarrestando estereotipos e convencionalismos.
- Actuará de forma coordinada co resto do profesorado, nun ambiente que apoie o diálogo e o debate, a análise e a reflexión da práctica educativa.
- Planificará as relacións permanentes coas familias dos nenos e das nenas.

#### **4.3. O papel da familia no centro**

A educación infantil debe fundarse no *coñecemento do contexto familiar* e xerar as canles dunha mutua colaboración para promover a presenza e a participación de pais, nais ou titores/as na vida do centro. É conveniente establecer opcións variadas para facilitar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas:

- Contacto cotián.
- Encontros formativos e informativos.
- Achega de materiais para os temas que se desenvolvan na aula.
- Entrevistas, obradoiros, festas, saídas, etc.

Do mesmo xeito, o centro deberá despregar as medidas necesarias para posibilitar dita participación e para que cada familia poida encontrar a súa propia canle de participación e colaboración (horarios apropiados, notas explicativas, actitude receptiva, etc.).

Así mesmo, planificarase e organizará coidadosamente o período de acollida para os nenos e nenas que se incorporan por primeira vez á etapa ou ao centro, xa que a separación do fogar é un factor moi importante desde un punto de vista pedagóxico.

Cando os nenos e as nenas se incorporan á escola sofren unha separación importante da figura de apego (nai, pai, avós, etc.) e isto orixina un conflito e un cambio, porque saen da redonda familiar, na que se senten protexidos/as e seguros/as. A actitude ante a escola, a aprendizaxe e as relacións sociais depende de como se asimile este proceso.

Desde a escola planifícase o período de adaptación para que as criaturas superen estes cambios sen traumas, se reafirmen e se independicen das súas figuras de apego. Nesta fase son especialmente importantes os contactos coas familias previos á entrada dos nenos e das nenas, co fin de:

- Coñecer como é a vida do neno ou da nena fóra da escola.
- Identificar as súas necesidades e intereses.
- Crear un ambiente cálido, acolledor e seguro, no que o neno ou a nena se sinta querido/a e confiado/a.

#### **4.4. A atención á diversidade**

A intervención educativa debe contemplar como principio a *diversidade* do alumnado adaptando as programacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e das nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Na Educación Infantil a atención á diversidade é, se cabe, máis importante aínda que noutros niveis debido ás grandes diferenzas que existen entre as nenas e os nenos destas idades pola influencia da redonda familiar, as diversas procedencias xeográficas e culturais, a integración de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, etc.

O seu desenvolvemento xerará un conxunto de propostas que responderán aos diversos intereses, capacidades e motivacións do alumnado, sen perder de vista a intención formativa global e os obxectivos do ciclo.

Así mesmo, implementaranse distintos *mecanismos de reforzo*, tanto organizativos como curriculares para atender ás dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poden considerarse:

- O apoio no grupo ordinario.
- Os agrupamentos flexibles.
- As adaptacións do currículo.
- Os reforzos específicos nalgún ámbito.

As diversas *formas de agrupamento* reúnen as seguintes características:

- O *gran grupo* é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.
- O *grupo pequeno* é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, xa que permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal modo que a mestra ou mestre poida prestarlle as axudas adecuadas segundo o grao de realización da tarefa. A organización en parellas adoita ser moito máis rendible polo grao de implicación que supón.
- A *actividade individual* é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, á vez que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

Os nenos e as nenas con *necesidades educativas especiais*, transitorias ou permanentes e aqueles que presentan necesidades específicas por sobredotación ou desvantaxe sociocultural ou familiar, recibirán unha resposta apropiada e adaptada de carácter preventivo e compensador. A orientación, valoración e toma de decisións para favorecer un axuste na planificación educativa e mellorar o desenvolvemento e a aprendizaxe destes nenos e nenas, é unha tarefa compartida entre os/as profesionais de atención temperá e equipos específicos e os/as especialistas de Educación infantil.

#### **4.5. O desenvolvemento das competencias básicas**

A Educación infantil ademais de axudar a sentar as bases para o desenvolvemento persoal e social do neno ou da nena, ten un peso importante na construción e na integración de aprendizaxes funcionais (competencias, destrezas, hábitos e aptitudes) que serán o piar do posterior desenvolvemento das competencias básicas e facilitarán a súa posterior adaptación á Educación Primaria.

O *enfoque por competencias* modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, posto que o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento da capacidade dos nenos/as de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como as habilidades ou coñecementos prácticos, como as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia vai, pois, máis alá do saber facer ou aplicar, xa que inclúe, ademais, o saber ser ou estar.

Para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado teranse en conta as seguintes competencias:

##### **1. Competencia en comunicación lingüística**

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións, e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o cal contribuirá, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Iniciarase aos nenos e nenas no uso de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, carteis ou etiquetas e levaranse a cabo actividades de escoita e comprensión de contos, lendas, poesías, adiviñas, trabalinguas, etc.

Para contribuír á mellora da competencia fomentárase a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

##### **2. Competencia matemática**

O desenvolvemento das formas de expresión e razoamento matemático traballarase mediante a observación da redonda próxima do alumnado e a

través de situacións cotiás nas que se manexen os elementos matemáticos básicos: distintos tipos de números, medidas, símbolos, figuras xeométricas, etc.

O xogo, o conto e a manipulación de obxectos proporcionan diversas oportunidades para establecer conexións, clasificar, practicar o reconto, a comparación, a estimación, etc. Formular problemas que respondan aos intereses do alumnado e estruturar a súa resolución mediante pasos intermedios servirá, así mesmo, para estimular e desenvolver o pensamento lóxico-matemático.

### **3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

Contribuirase á adquisición desta competencia a través das aprendizaxes centradas na forma de interactuar co espazo físico. Recrear e dotar de significado as distintas redondas próximas ao neno ou á nena (o colexio, a casa, o parque, etc.) a través do xogo, a manipulación de obxectos, a interacción coas persoas favorecerá a súa comprensión e entendemento.

Para potenciar o espírito crítico na observación da realidade iniciárase ao alumnado no pensamento científico e potenciaranse as súas habilidades de investigación: formular interrogantes, recoñecer evidencias, observar, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

Mediante a utilización do ordenador e dos medios audiovisuais (proxeutor, encerado dixital, etc.) os nenos e as nenas aprenderán a buscar, seleccionar, rexistrar e analizar a información, utilizando técnicas e estratexias diversas.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información. A autonomía persoal manifestarase en accións como acender e apagar o ordenador, utilizar o rato, identificar e entender o significado das iconas, buscar información abrindo e pechando xanelas, ou utilizar programas sinxelos e ferramentas da Web 2.0 que permitan realizar animacións e simulacións e que faciliten a expresión, a comunicación e a creatividade.

### **5. Competencia social e cidadá**

Esta competencia contribúe ao desenvolvemento das habilidades necesarias para que os nenos e as nenas aprendan a tomar decisións e a responsabilizarse das eleccións adoptadas, e integren as pautas de comportamento social que lles permitan exercer unha cidadanía democrática.

Entre as habilidades que se desenvolven no noso proxecto destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de empatizar e de comprender o punto de vista do outro e practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos.

Tamén se contempla a valoración das diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

## **6. Competencia cultural e artística**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas (festas, costumes, xogos tradicionais, gastronomía, etc.) e potenciar o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias.

O traballo con diferentes técnicas plásticas (colorar, recortar, puntear, repasar debuxos con rotulador, etc.) servirá para estimular o gusto e o interese dos nenos e das nenas por experimentar con distintos materiais e gozar do pracer de observar as súas propias creacións.

Os contidos que se recollen neste Proxecto incorporan aprendizaxes relacionadas coas producións culturais, o folclore e o patrimonio artístico da propia Comunidade Autónoma.

## **7. Competencia para aprender a aprender**

## 19. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias.

Programarase seguindo os seguintes criterios:

**Educación para a saúde:** Cobra especial relevancia este aspecto debido a situación sanitaria na que se atopa a sociedade actual, por iso fará fincapé nela traballando aspectos importantes como a hixiene corporal, o lavado de mans, o uso das mascarillas, o contaxio, a distancia social, os beneficios do exercicio físico axeitado, os hábitos de descanso diario, etc...

**Educación Ambiental:** manifestando respecto pola Natureza, rexeitando a contaminación, fomentando os usos de coidado do medio, con fichas sobre o Día do Medio Ambiente...que se desenvolven en determinadas materias durante o curso.

**Educación para a igualdade:** participando por igual nenos e nenas en tódalas actividades, aceptando a non discriminación segundo o sexo.

**Educación para a paz:** con actividades para fomentar a solidariedade, o respecto á diversidade, capacidade de diálogo e participación social, resolución pacífica de conflitos...

**Educación para o consumo:** a través do descubrimento do valor de diferentes obxectos e produtos de uso cotiá, fomentando un consumo responsable...

**Educación moral e cívica:** con actividades para traballar valores de tolerancia, aceptación e valoración dos outros.

**Educación viaria:** tratando de coñecer as normas de circulación e actuar correctamente como peóns, viaxeiros ou condutores. Aspectos que se traballarán por exemplo nas diferentes saídas que se realicen polo contorno.

**Educación sexual**: Traballarase o aprecio do propio corpo e a mellor autoestima así como o respecto mutuo, identificando as diferencias entre o sexo masculino e feminino.

## **20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Teremos en conta os días de obrigada conmemoración indicados no calendario escolar do curso 2021/2022 realizando actividades de feito individual nas nosas aulas ou aquelas actividades coordinadas polos equipos dinamizadores a nivel de equipo de nivel ou a nivel centro.

As saídas escolares realizaranse en caso de que a situación sanitaria non presente riscos.

## **21. PROTOCOLO COVID- 19**

No 6º nivel de educación infantil seguiremos as directrices que se contemplan no anexo V do Proxecto Educativo do centro no que se concreta a adaptación do protocolo Covid- 19.

Crearemos ademais uns grupos de convivencia estable, neste caso 4 grupos dada a ratio de 16 alumnos/as de cada unha das aulas, que tamén manterán no servizo de comedor escolar.

## **22. CONCLUSIÓN**

Esta programación será un instrumento fundamental de axuda que nos orienta no proceso de ensinanza aprendizaxe. Con ela sistematizamos o traballo diario previndo, de forma flexible, as tarefas a realizar durante o proceso educativo. En calquera caso esta programación non é un documento pechado, senón que está aberto de cara á adaptabilidade en virtude das características particulares do alumnado de dos momentos puntuais que poidan xurdir e como non, dos seus intereses.

## **BIBLIOGRAFÍA**

Destacarei os textos principais sobre os que se apoia a elaboración da presente programación

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso escolar 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

# **Programación de Relixión Católica para Educación Infantil**

---

*CEIP Arzúa*

*Curso 2021 – 2022*

## ● **INTRODUCCIÓN**

A formación relixiosa e moral católica contribúe á formación integral do alumnado, ó desenvolver especialmente a súa capacidade de apertura á transcendencia, facilitarlle unha proposta de sentido para a súa vida e ilumina-lo fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan decisiva para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é o momento no que o neno ou nena comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no ámbito familiar e da escola, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida –capacidade básica do individuo– está enraizado no máis profundo do ser, e o neno ou nena pode recoñecelo nos símbolos e signos do seu contorno, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, así como na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen tódalas capacidades inherentes ó ser humano, entre as que se atopa constitutivamente a capacidade transcendente.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

## ● **FINALIDADE DA ÁREA**

A ensinanza relixiosa católica na etapa de Educación Infantil pretende achega-lo neno ou nena ás principais claves da fe cristiá, axudalo a descubrir esta experiencia no seu contorno, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos primeiros elementos que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os

hábitos de comportamento, e contribúe tamén ó desenvolvemento de destrezas e habilidades básicas dos nenos e as nenas desta idade. Para iso, válese dos elementos cristiáns presentes no contorno do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que posibilitan a comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esta idade.

### ● **ACHEGAS DA ÁREA**

A ensinanza desta área contribúe, de maneira relevante, a que nenos e nenas desenvolvan as súas capacidades, reciban unha educación integral e alcancen o desenvolvemento pleno da súa personalidade:

1\* Favorece o desenvolvemento das capacidades cognitivas, creativas, manipulativas, de relación social, de autoestima e de apertura á transcendencia dos alumnos.

2\* Dá unha visión clara e sinxela dos feitos máis importantes da intervención de Deus no mundo, das palabras e os feitos da vida de Xesús e María, así como da vida das persoas cristiás capaces de ser testemuñas da súa fe e de lles transmitir ós seus fillos os valores do Evanxeo.

3\* Invita os nenos e as nenas a formar parte do grupo de amigos de Xesús, para construír un mundo mellor, máis xusto e solidario, máis respectuoso coa Creación e máis humano.

4\* Promove valores de amor e respecto ás persoas do contorno familiar e social do alumnado.

### **ENSINANZAS TRANSVERSAIS NA ÁREA**

Ó longo de toda a etapa, a área de Relixión Católica incorpora ó seu currículo a ensinanza duns contidos básicos denominados ensinanzas ou temas transversais. O seu tratamento desde esta e desde as outras áreas do currículo é fundamental para o desenvolvemento integral dos nenos e as nenas.

#### ● *Educación moral*

1\*Desenvolvemento da autoestima e a autonomía persoal.

2\*Interese por establecer relacións afectivas cos demais.

3\*Adquisición progresiva de confianza en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para resolver aquelas que sexan conflitivas.

4\*Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, e recoñecendo e valorando criticamente as súas diferencias.

5\*Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinação e inxustiza social.

● *Educación cívica*

1\* Participación nas actividades de grupo, respectando as contribucións propias e as dos demais.

2\* Aceptación e respecto polas normas establecidas na planificación e realización de tarefas comúns.

3\* Asunción progresiva de responsabilidades individuais no seo do grupo.

4\* Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubriendo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

● *Educación para a paz*

1\* Descubrimento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.

2\* Importancia do diálogo e a escoita como medio para solucionar conflitos.

3\* Análise de posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

● *Educación para a saúde e a calidade de vida*

1\* Valoración do propio corpo como obra da Creación.

2\* Adquisición progresiva da autonomía persoal como medio de desenvolver a súa seguridade afectiva e emocional.



3\* Coñecemento do propio corpo e adquisición dos hábitos básicos de hixiene e saúde para o seu coidado.

4\* Actitude de axuda e colaboración coas persoas enfermas, débiles, anciás...

#### ● *Educación para a igualdade entre os sexos*

1\* Valoración da persoa, home e muller, como o ser máis importante da Creación.

2\* Utilización dos xoguetes sen estereotipos sexistas.

3\* Participación indiscriminada nos xogos e nas actividades cotiás.

4\* Rexeitamento de calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

#### ● *Educación ambiental*

1\* Interese por respectar a natureza e tódalas obras da Creación, regalo de Deus ás persoas.

2\* Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.

3\* Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.

#### ● *Educación sexual*

1\* Aprecio e respecto polas persoas, con independencia da súa condición sexual.

2\* Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos.

3\* Coñecemento da mensaxe cristiá sobre o papel do home e a muller como procreadores da especie humana.

#### ● *Educación do consumidor*

1\* Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.

- 2\* Sensibilización ante os colectivos que carecen das necesidades básicas e actitude de colaboración.
- 3\* Concienciación e actitude crítica ante a publicidade, sendo capaces de diferenciar o imprescindible e necesario do puramente aparente e superficial.

● *Educación vial*

- 1\* Comportamento adecuado como peón e usuario das vías públicas.
- 2\* Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

● **METODOLOXÍA**

A ensinanza relixiosa católica na Educación Infantil parte da experiencia do neno ou nena nesta idade de 3 a 6 anos respecto a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns dos outros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno ou nena crece ó mesmo tempo que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio. O sentido de globalidade debe estar presente en toda a etapa.

Desde o punto de vista metodolóxico:

1. Partimos da experiencia do alumnado con lecturas colectivas e conversacións abertas sobre as situacións reais e os relatos bíblicos moi próximos ós nenos e nenas desta idade. Os alumnos/as facilmente se identifican e evocan neles a súa propia experiencia. Só desde esta comprensión será posible acceder ó plano relixioso, ó verdadeiro sentido do feito relixioso, establecendo paralelismos entre o propio eu e os fundamentos da doutrina cristiá.
2. Alternamos o traballo das fichas con outras propostas metodolóxicas que lle permiten ó alumnado achegarse ó feito relixioso por distintas vías: confección de murais, manualidades...; escenificación de relatos; memorización e recitación de poemas, cancións, oracións...; audicións de música; xogos, videos, actividades dixitais interactivas, etc.

## **METODOLOXÍA NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

As ferramentas telemáticas ás que se recorrerá, de ser preciso, para manter a actividade lectiva serán: a web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/> , o servizo de videoconferencia skype, o correo electrónico [relixion@arzu.net](mailto:relixion@arzu.net), e, de ser necesario ou solicitado por algunha familia, o sistema de mensaxería whatsapp. Estas propostas, no caso da materia de Relixión, realizaríanse cunha periodicidade semanal, continuando así coa carga lectiva horaria da propia materia. De tódolos xeitos polo que se refire a este punto é moi importante reflectir a necesidade de intensificar a coordinación entre o profesorado implicado na docencia deste nivel a través das titorías do mesmo á hora de manter a comunicación coas familias e atender o benestar emocional do noso alumnado de E. Infantil evitando que se vexa sobrecargado nas tarefas propostas.

### **● MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Proxecto Ágape Berit, editorial Edelvives, para 3, 4 e 5 anos.
- Recursos dixitais dos proxecto Ágape Berit (Cds con cancións e contos)
- Diferentes recursos dixitais na Aula virtual do centro: videos, cancións, enlaces a diferentes recursos educativos virtuais , actividades interactivas, presentacións tipo PowerPoints...
- Libro xigante de parábolas, láminas, xogos...
- Mascota do proxecto: marioneta da pastora Sara.
- Material fotocopiabile.
- Recursos educativos para a area de Relixión procedentes de internet: actividades interactivas, xogos, videos... relacionados cos contidos a traballar.
- Materiais multimedia para a área de Relixión recopilados polo docente en Internet.
- Ordenador.
- Pantalla dixital.

### **● AVALIACIÓN**

A avaliación é un elemento central da práctica educativa que acompaña constantemente o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Segundo o momento e situación en que se produza, a avaliación terá diversas funcións e modalidades: avaliación inicial, continua e sumativa.

### ● *Avaliación inicial*

Consiste en obter información sobre o tipo e o grao de coñecemento que posúe o alumno ou alumna sobre un novo contido. Efectúase ó principio de calquera secuencia de aprendizaxe. Pódense usar fórmulas como as seguintes: «¿Quen sabe explicarme algo acerca de...?», «¿Sabedes que pasa cando...?», «¿Coñecedes a...?», «¿Que pasaría se...?», «¿Algunha vez vos pasou que...?» etc., no caso de que custe arrancar o diálogo ou de que este quede nun punto morto, os mestres podemos exponer a nosa experiencia ó respecto ou plantear algunha disxuntiva (*pero...; ¿e se...?*).

### ● *Avaliación continua*

A medida que avanza o camiño educativo, cómpre valorar os progresos, dificultades, bloqueos etc., dos alumnos, para poder adaptar e orientar a actividade escolar.

A observación sistemática e individualizada do traballo na clase, a anotación ou rexistro de datos, a súa interpretación... permítenos ós docentes coñecer cómo asimilan os alumnos a súa experiencia educativa e mellorar a acción de ensinanza-aprendizaxe.

### ● *Avaliación final*

Supón unha valoración do grao das aprendizaxes que os alumnos acadaron ó finalizar unha determinada secuencia, co obxecto de adaptar os posteriores períodos educativos ó nivel conseguido. Realízase ó remate dun período considerado importante, neste caso ó acabar a etapa de Educación Infantil. Os obxectivos xerais da etapa establecidos no currículo de Religión Católica, xunto cos criterios de avaliación correspondentes, proporciónanos aos docentes a información sobre as capacidades que os alumnos deben desenvolver ó longo deste período educativo.

## ● **OBXECTIVOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL**

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do contorno familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade á que pertence.

3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno ou nena desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.
5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.
6. Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de tódalas cousas, e saben que está con todos nós, quérenos e perdóanos sempre.
7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia.
9. Respectar as persoas e cousas do seu contorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

## **● CONCRECIÓN DOS CONTIDOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS**

**O corpo humano, obra de Deus Creador, coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.**

### *Conceptos*

1. Deus, Creador de tódalas cousas, tamén do corpo humano, coa colaboración dos pais.
  - 1.1. O corpo humano, regalo de Deus.
2. O primeiro home e a primeira muller, fillos de Deus dos que todos vimos.
  - 2.1. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.

### *Procedementos*

3. Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
4. Recoñecemento do propio corpo e das súas diferencias respecto do dos demais.
  - 4.1. Exploración e desenvolvemento das propias posibilidades de acción.

*Valores*

5. Valoración e gratitude polo regalo recibido de Deus, o corpo.
6. Alegría por vivir e medrar xunto ás demais persoas.
  - 6.1. Respecto, coidado e estima cara a un mesmo e polos demais.
  - 6.2. Aprecio das aprendizaxes e a autonomía que comporta o crecemento.
7. Aceptación cristiá das diferenzas entre as persoas.

**Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde. A proximidade das persoas que nos atenden e queren; alimentos, vestido e limpeza.**

*Conceptos*

1. A saúde como regalo de Deus ó ser humano.
2. Medios que Deus ofrece para conservar a saúde.
  - 2.1. Os coidados e atencións familiares: alimentos, vestido, limpeza...
  - 2.2. A proximidade dos nosos amigos e das persoas que nos queren.
  - 2.3. As ensinanzas recibidas dos nosos maiores.

*Procedementos*

3. Análise de comportamentos que axuden a conservar a saúde e o benestar.
  - 3.1. Identificación de hábitos saudables; alimentación, hixiene, atención médica...
4. Descubrimento de que co seu corpo (mans, pés, palabra...) pode causar alegría ou dano ós demais.
  - 4.1. Discriminación de accións positivas e negativas nas súas relacións cos demais.

*Valores*

5. Gratitude polos coidados e aprendizaxes recibidos das persoas queridas.
6. Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co coidado do propio corpo.
7. Axuda e solidariedade coas persoas necesitadas.

**A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración poa Creación.**

*Conceptos*

1. A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos.
  - 1.1. Deus Pai, Creador de tódalas cousas.
  - 1.2. O coidado e uso da natureza confiados por Deus á intelixencia e acción das persoas.
2. O relato bíblico da Creación.

*Procedementos*

3. Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
  - 3.1. Interpretación de imaxes secuenciadas sobre o relato da Creación.
4. Discriminación de accións construtivas e destrutivas do contorno natural.
5. Memorización e recitación de oracións de loanza e gratitude a Deus pola Creación.

*Valores*

6. Admiración e gratitude a Deus por tódolos elementos da Creación.
7. Colaboración na tarefa de manter fermoso o mundo que Deus nos deu, empezando polo noso contorno.
  - 7.1. Compromiso e colaboración no coidado de plantas e animais domésticos.
  - 7.2. Satisfacción e interese por gozar da natureza sen malgastos nin abusos.

**Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.**

*Conceptos*

1. Os símbolos relixiosos.
  - 1.1. A estrela en Nadal.
  - 1.2. A luz na Pascua.
  - 1.3. As imaxes: o Neno Xesús, a Virxe María...

*Procedementos*

2. Identificación de símbolos cristiáns.
  - 2.1. Observación directa e indirecta de símbolos e imaxes relixiosas.

2.2. Relación dos símbolos co seu significado.

3. Elaboración de manualidades con significado relixioso: estrela de Nadal, cirio pascual...

*Valores*

4. Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.

4.1. Admiración ante a súa beleza e significado.

**Deus é o noso Pai, coida de nós e invítanos a servir os demais.**

*Conceptos*

1. Deus Pai, Creador de tódalas cousas, está con todos nós, quérenos e perdoa sempre.

2. A expresión do amor de Deus a través dos valores cristiáns: amizade, convivencia, respecto, perdón, xenerosidade, fraternidade...

*Procedementos*

3. Desenvolvemento de estratexias para descubrir a Deus como noso Pai, amoroso e bo, en relación coa figura do pai e da nai.

4. Realización de actividades que promoven os valores cristiáns como medio de expresar o amor a Deus e ós demais.

*Valores*

5. Satisfacción por coñecer e adquirir os valores que emanan do amor de Deus.

**Deus fala. A *Biblia*, o libro sagrado dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.**

*Conceptos*

1. A *Biblia*, o libro sagrado dos cristiáns.

1.2. Relatos do Antigo e do Novo Testamento.

*Procedementos*

2. Escoita e comprensión de relatos bíblicos nos que Deus se manifesta.

2.1. A Creación.

2.2. A elección de María.



2.3. O anuncio do nacemento de Xesús a pastores e magos.

2.4. As palabras e os feitos de Xesús.

3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

#### *Valores*

4. Actitude de admiración polo libro que contén a palabra de Deus.

4.1. Curiosidade e estima pola información que se recibe da *Biblia*.

4.2. Satisfacción por compartir as ensinanzas da *Biblia*.

### **Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).**

#### *Conceptos*

1. Textos importantes referidos a Xesús e María.

#### *Procedementos*

2. Comprensión e memorización de oracións sinxelas dirixidas a Xesús e María.

3. Lectura e comprensión de relatos ilustrados sobre a vida de Xesús e María.

#### *Valores*

4. Interese por descubrir feitos referentes á vida de Xesús e María.

### **Algunhas palabras significativas para os cristiáns. Deus Pai; Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso; a Virxe María, nai de Xesús e nai nosa; a Igrexa.**

#### *Conceptos*

1. Palabras significativas para os cristiáns.

1.1. Deus Pai, Creador do mundo e das persoas.

1.2. Xesús, o Fillo de Deus, amigo de todos.

1.3. A Virxe María, nai de Xesús e de tódolos cristiáns.

1.4. A igrexa, a casa de Deus, a nosa casa.

#### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de frases e textos bíblicos sobre Deus Pai, o seu fillo Xesús e a Virxe María.

3. Canto e recitación de cancións e oracións sinxelas dedicadas a Deus, ó seu fillo Xesús e a María, súa nai.

*Valores*

4. Admiración e respecto pola Palabra de Deus e a intervención de Xesús e María no mundo.

6. Satisfacción por sentirse invitado á casa de Deus.

**O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, a vida, a morte e a resurrección de Xesús.**

*Conceptos*

1.O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento e a vida de Xesús.

1.1. Anunciación á Virxe María.

1.2. Anuncio do nacemento de Xesús a pastores e magos.

1.3. Nacemento de Xesús.

1.4. Adoración dos pastores e os Reis Magos.

1.5. Xesús e os nenos.

1.6. Palabras e ensinanzas de Xesús.

*Procedementos*

2. Escoita e comprensión de relatos bíblicos sobre a vida de Xesús.

3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

*Valores*

4. Interese por aprender feitos referidos á vida de Xesús.

5. Admiración polos valores que emanan da obra de Xesús.

**Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.**

### *Conceptos*

1. Pasaxes e ensinanzas do Evanxeo sobre o amor de Xesús.

1.1. Xesús e os nenos.

1.2. Xesús e os discípulos.

1.3. Xesús cos pobres, os anciáns, as mulleres e os enfermos.

1.4. A ovella perdida.

### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de textos sobre a vida e as ensinanzas de Xesús.

2.1. Análise de feitos da vida de Xesús.

2.2. Interpretación e comentario de imaxes referidas á vida de Xesús.

### *Valores*

3. Interese por descubrir a mensaxe das parábolas e os feitos de Xesús.

4. Desexo de vivir segundo as ensinanzas de Xesús.

4.1. Confianza nas propias capacidades e axuda ós compañeiros con dificultades.

4.2. Aceptación das regras que rexen os xogos.

## **O diálogo con Deus: a oración do cristián. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.**

### *Conceptos*

1. A relación con Deus a través da oración.

1.1. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda, darlle grazas, falarle dun mesmo, dos demais, contarlle cousas...

### *Procedementos*

2. Iniciación á oración mediante a construción de frases espontáneas de agradecemento ou de petición a Deus.

3. Memorización e recitación de oracións sinxelas.

### *Valores*

4. Valoración da oración como diálogo de amizade con Deus.

4.1. Disponibilidade para inventar frases dirixidas a Deus.

4.2. Respecto e atención polas oracións dos demais.

**Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.**

*Conceptos*

1. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.

1.1. Convivencia familiar e convivencia escolar.

1.2. Tarefas domésticas e responsabilidades escolares.

1.3. Celebracións familiares, escolares e sociais.

1.4. O xogo na casa e na escola.

*Procedementos*

2. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre o comportamento das persoas nas actividades cotiás.

2.1. Discriminación de accións construtivas e destrutivas no contorno social e nas relacións cos demais.

2.2. Identificación das diversas formas nas que se manifesta o amor humano: amizade, perdón, compañeirismo, solidariedade, axuda, fraternidade...

*Valores*

3. Interese por participar nas actividades diarias segundo o modelo da doutrina cristiá.

**A manifestación do amor cristián en xestos concretos. Saudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar ós compañeiros.**

*Conceptos*

1. A manifestación do amor cristián en feitos concretos: saudar, axudar, compartir bens, perdoar e ser perdoados, regalar, felicitar, consolar...

*Procedementos*

2. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre as relacións entre as persoas para extraer conclusións sobre as manifestacións do amor cristián.

2.1. Manifestacións corporais: bicar, acariñar, abrazar, sorrir...

2.2. Manifestacións verbais: saudar, falar, consolar, pedir perdón e perdoar, felicitar, compartir sentimentos...

3. Utilización de fórmulas verbais e xestuais de alcance cristián nas súas relacións cos demais.

#### *Valores*

4. Satisfacción e gratitude por dar e recibir xestos afectuosos dos seus compañeiros, familiares, mestres, veciños...

5. Valoración do traballo propio e alleo como colaboración e axuda ós demais.

**A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.**

#### *Conceptos*

1. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.

1.1. A casa, ámbito de xogo, crecemento e amor dos pais, irmáns, avós, etc.

1.2. Atencións e ensinanzas dadas e recibidas polos distintos membros da familia.

1.3. Celebración familiar das principais festas do calendario litúrxico: Nadal, Pascua, festas de devoción mariana.

2. A igrexa, casa dos fillos de Deus.

2.1. A familia dos amigos de Xesús, os cristiáns.

2.2. A igrexa, punto de encontro e celebración cristiá.

#### *Procedementos*

3. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre a convivencia e a aprendizaxe no seo familiar.

3.1. Conversación e reflexión sobre as propias experiencias.

4. Discriminación e participación nas festas do calendario litúrxico celebradas na comunidade escolar e familiar.

#### *Valores*

5. Alegría e gratitude por crecer e aprender no seo dunha familia.
6. Actitude de respecto, cariño e dispoñibilidade na vida familiar e escolar.
7. Satisfacción por sentirse invitado a formar parte da Igrexa e a súa familia.

### **O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do contorno.**

#### *Conceptos*

1. A escola e a aldea ou barrio, lugar de convivencia e de relación cos demais.
  - 1.1. A relación cos mestres e compañeiros.
  - 1.2. A relación cos veciños e os amigos.

#### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de relatos sobre a convivencia de nenos e nenas en distintas situacións.
  - 2.1. Discriminación e análise de comportamentos positivos e negativos nas relacións cos demais.
  - 2.2. Descrición de modelos de conduta cristiá nas relacións cos demais e na resolución de conflitos.
3. Regulación do propio comportamento coas persoas do seu contorno (veciños, mestres, compañeiros...).

#### *Valores*

4. Alegría e gratitude a Deus por pertencer a unha comunidade.
  - 4.1. Estima polo grupo ó que pertence.
  - 4.2. Interese e satisfacción por aprender a convivir segundo o modelo cristián.

### **Valor do domingo como festa de Xesús resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.**

#### *Conceptos*

1. O domingo, festa do Señor resucitado.

- 1.1. O domingo, día de encontro e de celebración cristiá.
2. Festas do calendario litúrxico.
  - 2.1. O Nadal.
  - 2.2. A Pascua.
  - 2.3. As festas en honor á Virxe María.
3. A música e o canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.

#### *Procedementos*

4. Descrición das principais festas cristiás e do seu significado.
  - 4.1. Observación directa e indirecta da realidade.
  - 4.2. Exposición do significado da festa.
  - 4.3. Descrición de actos, símbolos e imaxes asociadas.
5. Celebración das principais festas do calendario litúrxico.
  - 5.1. Recitación de poemas, oracións e cantos sinxelos relacionados con elas.
  - 5.2. Confección de postais e outras manualidades para lles felicitar as festas ós seus familiares.

#### *Valores*

6. Curiosidade por coñece-lo significado e a mensaxe das principais festas cristiás.
7. Alegría por participar na celebración destas festas xunto ós seus familiares e amigos.

### **Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ó neno ou nena.**

#### *Conceptos*

1. Vocabulario, imaxes e edificios de carácter relixioso.
  - 1.1. Vocabulario: Deus Pai, Creador de tódalas cousas; a Igrexa, unha gran familia; María, nai nosa; Xesús, amigo de todos; a Palabra de Deus; Domingo de Ramos; Pascua; oración...
  - 1.2. Edificios e elementos litúrxicos: igrexa, santuario, parroquia...; cirio pascual, altar, imaxes, ramo de oliveira, sacerdote...

#### *Procedementos*

2. Observación directa ou indirecta e descrición de edificios e imaxes relixiosas.

3. Incorporación e uso adecuado de vocabulario sinxelo de carácter relixioso.
4. Elaboración de imaxes ou símbolos relixiosos mediante técnicas plásticas.

*Valores*

5. Admiración e respecto polas diversas manifestacións relixiosas do contorno.

## ● **CONCRECIÓN DOS CONTIDOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS**

**O corpo humano, obra de Deus Creador, coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.**

*Conceptos*

1. Deus, Creador de tódalas cousas, tamén do corpo humano, coa colaboración dos pais.
  - 1.1. O corpo humano, regalo de Deus: o crecemento e a autonomía.
2. O primeiro home e a primeira muller, fillos de Deus dos que todos vimos.
  - 2.1. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.

*Procedementos*

3. Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
4. Recoñecemento do propio corpo e das súas diferencias respecto ó dos demais.
  - 4.1. Exploración e desenvolvemento das propias posibilidades de acción.

*Valores*

5. Valoración e gratitude polo regalo recibido de Deus, o corpo.
6. Alegría por vivir e crecer xunto ás demais persoas.
  - 6.1. Respetto, coidado e estima por un mesmo e polos demais.
  - 6.2. Aprecio polas aprendizaxes e a autonomía que comporta o crecemento.
7. Aceptación cristiá das diferencias entre as persoas.

**Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde. A proximidade das persoas que nos atenden e queren; alimentos, vestido e limpeza.**

*Conceptos*



1. A saúde como regalo de Deus ó ser humano.
2. Medios que Deus ofrece para conservar a saúde.
  - 2.1. Os cuidados e atencións familiares: alimentos, vestido, limpeza...
  - 2.2. A proximidade dos nosos amigos e das persoas que nos queren.
  - 2.3. As ensinanzas recibidas dos nosos maiores.

#### *Procedementos*

3. Análise de comportamentos que axuden a conservar a saúde e o benestar.
  - 3.1. Identificación de hábitos saudables; alimentación, hixiene, atención médica...
4. Descubrimento de que co seu corpo (mans, pés, palabra...) pode causar alegría ou dano ós demais.
  - 4.1. Discriminación de accións positivas e negativas nas súas relacións cos demais.

#### *Valores*

5. Gratitude polos cuidados e aprendizaxes recibidos das persoas queridas.
6. Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co cuidado do propio corpo.
7. Axuda e solidariedade coas persoas necesitadas.

**A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no cuidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.**

#### *Conceptos*

1. A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos.
  - 1.1. Deus Pai, Creador de tódalas cousas.
  - 1.2. O cuidado e uso da natureza confiados por Deus á intelixencia e acción das persoas.
2. O relato bíblico da Creación.

#### *Procedementos*

3. Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
  - 3.1. Interpretación de imaxes secuenciadas sobre o relato da Creación.
4. Discriminación de accións construtivas e destrutivas do medio natural.
5. Memorización e recitación de oracións de loanza e gratitude a Deus pola Creación.

*Valores*

6. Admiración e gratitude a Deus por tódolos elementos da Creación.
7. Colaboración na tarefa de manter fermoso o mundo que Deus nos deu, e mpezando polo noso contorno.
  - 7.1. Compromiso e colaboración no coidado de plantas e animais domésticos.
  - 7.2. Satisfacción e interese por gozar da natureza sen malgastos nin abusos.

**Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.**

*Conceptos*

1. Os símbolos relixiosos.
  - 1.1. A estrela en Nadal.
  - 1.2. As imaxes: o Neno Xesús, a Virxe María...

*Procedementos*

2. Identificación de símbolos cristiáns.
  - 2.1. Observación directa e indirecta de símbolos e imaxes relixiosas.
  - 2.2. Relación dos símbolos co seu significado.
3. Elaboración de manualidades con significado relixioso: calendario de Advento, imaxe da Virxe María e o Neno Xesús.

*Valores*

4. Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.
  - 4.1. Admiración ante a súa beleza e significado.

**Deus é o noso Pai, coida de nós e invítanos a servir os demais.**

*Conceptos*

1. Deus Pai, Creador de tódalas cousas, está con todos nós, quérenos e perdóanos sempre.
2. A expresión do amor de Deus a través dos valores cristiáns: amizade, convivencia, respecto, perdón, xenerosidade, fraternidade...
3. Palabras de Xesús sobre o amor de Deus.

### *Procedementos*

4. Lectura e comentario de relatos bíblicos nos que se pon de manifesto o amor de Deus ós seres humanos: vida e milagres de Xesús.

5. Realización de actividades que promoven os valores cristiáns como medio de expresar o amor a Deus e ós demais.

### *Valores*

6. Satisfacción por coñecer e adquirir os valores que emanan do amor de Deus.

## **Deus fala. A *Biblia*, o libro sagrado dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a Palabra de Deus.**

### *Conceptos*

1. A *Biblia*, o libro sagrado dos cristiáns.

1.1. A *Biblia*, Palabra de Deus.

1.2. Relatos do Antigo e do Novo Testamento.

### *Procedementos*

2. Escoita e comprensión de relatos bíblicos nos que Deus se manifesta.

2.1. A Creación.

2.2. O nacemento de Xesús.

2.3. A adoración dos pastores e os Magos.

2.4. As palabras e os feitos de Xesús.

2.5. Os milagres: a tempestade calmada, a filla de Xairo, a multiplicación dos pans, as vodas de Caná.

3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

### *Valores*

4. Actitude de admiración polo libro que contén a Palabra de Deus.

4.1. Curiosidade e estima pola información que se recibe da *Biblia*.

4.2. Satisfacción por compartir as ensinanzas da *Biblia*.

**Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).**

*Conceptos*

1. Textos importantes referidos a Xesús e María.

*Procedementos*

2. Comprensión e memorización de poemas e oracións sinxelas dirixidas a Xesús e María.
3. Lectura e comprensión de relatos ilustrados sobre a vida de Xesús e María.

*Valores*

4. Interese por descubrir feitos referentes á vida de Xesús e María.

**Algunhas palabras significativas para os cristiáns. Deus Pai; Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso; a Virxe María, nai de Xesús e nai nosa; a Igrexa.**

*Conceptos*

1. Palabras significativas para os cristiáns.
  - 1.1. Deus Pai, Creador do mundo e das persoas.
  - 1.2. Xesús, o Fillo de Deus, amigo de todos.
  - 1.3. A Virxe María, nai de Xesús e de tódolos cristiáns.
  - 1.4. A igrexa, a casa de Deus, e nosa casa.

*Procedementos*

2. Lectura comprensiva de frases e textos bíblicos sobre Deus Pai, o seu fillo Xesús e a Virxe María.
3. Canto e recitación de cancións e oracións sinxelas dedicadas a Deus, ó seu fillo Xesús e a María, súa nai.

*Valores*

5. Admiración e respecto pola Palabra de Deus e a intervención de Xesús e María no mundo.
6. Satisfacción por sentirse invitado á casa de Deus.

O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, a vida, a morte e a resurrección de Xesús.

#### *Conceptos*

1. O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento e a vida de Xesús.
  - 1.1. Nacemento de Xesús.
  - 1.2. Adoración dos pastores e os Reis Magos.
  - 1.3. Palabras e ensinanzas de Xesús.
  - 1.4. Os milagres: a tempestade calmada, a filla de Xairo, a multiplicación dos pans, as vodas de Caná.
  - 1.5. A entrada triunfal en Xerusalén.
2. escoita e comprensión de relatos bíblicos sobre a vida de Xesús.
3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

#### *Valores*

4. Interese por aprender feitos referidos á vida de Xesús.
5. Admiración polos valores que emanan da obra de Xesús.

**Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.**

#### *Conceptos*

1. Pasaxes e ensinanzas do Evanxeo sobre o amor de Xesús.
  - 1.1. As vodas de Caná.
  - 1.2. Milagres de Xesús.

#### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de textos sobre a vida e as ensinanzas de Xesús.
  - 2.1. Análise de feitos da vida de Xesús.
  - 2.2. Interpretación e comentario de imaxes referidas á vida de Xesús.

#### *Valores*

3. Interese por descubrir a mensaxe das parábolas e os feitos de Xesús.

4. Desexo de vivir segundo as ensinanzas de Xesús.

4.1. Confianza nas propias capacidades e axuda ós compañeiros con dificultades.

4.2. Aceptación das regras que rexen os xogos.

**O diálogo con Deus: a oración do cristián. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.**

*Conceptos*

1. A relación con Deus a través da oración.

1.1. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda, darlle grazas, falarle dun mesmo, dos demais, contarlle cousas...

*Procedementos*

2. Iniciación á oración mediante a construción de frases espontáneas de agradecemento ou de petición a Deus.

*Valores*

3. Valoración da oración como diálogo de amizade con Deus.

3.1. Disposibilidade para inventar frases dirixidas a Deus.

3.2. Respecto e atención polas oracións dos demais.

**Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.**

*Conceptos*

1. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.

1.1. Convivencia familiar e convivencia escolar.

1.2. Tarefas domésticas e responsabilidades escolares.

1.3. Celebracións familiares, escolares e sociais.

1.4. O xogo na casa e na escola.

*Procedementos*

1. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre o comportamento das persoas nas actividades cotiás.
2. Discriminación de accións construtivas e destrutivas no contorno social e nas relacións cos demais.
3. Identificación das diversas formas nas que se manifesta o amor humano: amizade, perdón, compañeirismo, solidariedade, axuda, fraternidade...

#### *Valores*

1. Interese por participar nas actividades diarias segundo o modelo da mensaxe cristiá.

### **A manifestación do amor cristián en xestos concretos. Saudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar ós compañeiros.**

#### *Conceptos*

1. A manifestación do amor cristián en feitos concretos: saudar, axudar, compartir bens, perdoar e ser perdoados, regalar, felicitar, consolar...

#### *Procedementos*

2. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre as relacións entre as persoas para extraer conclusións sobre as manifestacións do amor cristián.
  - 2.1. Manifestacións corporais: bicar, acariñar, abrazar, sorrir...
  - 2.2. Manifestacións verbais: saudar, falar, consolar, pedir perdón e perdoar, felicitar, compartir sentimentos...
3. Utilización de fórmulas verbais e xestuais de alcance cristián nas súas relacións cos demais.

#### *Valores*

4. Satisfacción e gratitude por dar e recibir xestos afectuosos dos seus compañeiros, familiares, mestres, veciños...
5. Valoración do traballo propio e alleo como colaboración e axuda ós demais.

### **A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.**

*Conceptos*

1. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
  - 1.1. A casa, ámbito de xogo, crecemento e amor dos pais, irmáns, avós, etc.
  - 1.2. Atencións e ensinanzas dadas e recibidas polos distintos membros da familia.
  - 1.3. Celebración familiar das principais festas do calendario litúrxico: Advento e Nadal, Semana Santa e Pascua, festas marianas.
2. A igrexa, casa dos fillos de Deus.
  - 2.1. A familia dos amigos de Xesús, os cristiáns.
  - 2.2. A igrexa, punto de encontro e celebración cristiá.

*Procedementos*

3. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre a convivencia e a aprendizaxe no seo familiar.
  - 3.1. Conversación e reflexión sobre as propias experiencias.
4. Discriminación e participación nas festas do calendario litúrxico celebradas na comunidade escolar e familiar.

*Valores*

5. Alegría e gratitude por crecer e aprender no seo dunha familia.
6. Actitude de respecto, cariño e dispoñibilidade na vida familiar e escolar.
7. Satisfacción por sentirse invitado a formar parte da Igrexa e a súa familia.

**O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do contorno.**

*Conceptos*

1. A escola e a aldea ou barrio, lugar de convivencia e de relación cos demais.
  - 1.1. A relación cos mestres e compañeiros.
  - 1.2. A relación cos veciños e os amigos.

*Procedementos*

2. Lectura comprensiva de relatos sobre a convivencia de nenos e nenas en distintas situacións.



2.1. Discriminación e análise de comportamentos positivos e negativos nas relacións cos demais.

2.2. Descrición de modelos de conduta cristiá nas relacións cos demais e na resolución de conflitos.

3. Regulación do propio comportamento coas persoas do seu contorno (veciños, mestres, compañeiros...).

#### *Valores*

4. Alegría e gratitude a Deus por pertencer a unha comunidade.

4.1. Estima polo grupo ó que pertence.

4.2. Interese e satisfacción por aprender a convivir segundo o modelo cristián.

**Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.**

#### *Conceptos*

1. O domingo, festa do Señor resucitado.

1.1. O domingo, día de encontro e de celebración cristiá.

2. Festas do calendario litúrxico.

2.1. O Advento e o Nadal.

2.2. A Pascua.

2.3. As festas en honor da Virxe María.

3. A música e o canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.

#### *Procedementos*

4. Descrición das principais festas cristiás e do seu significado.

4.1. Observación directa e indirecta da realidade.

4.2. Exposición acerca do significado da festa.

4.3. Descrición de actos, símbolos e imaxes asociadas.

5. Celebración das principais festas do calendario litúrxico.

5.1. Recitación de poemas, oracións e cantos sinxelos relacionados con elas.

5.2. Confección de postais e outras manualidades para felicitar as festas ós seus familiares.

*Valores*

6. Curiosidade por coñecer o significado e a mensaxe das principais festas cristiás.

7. Alegría por participar na celebración destas festas cos seus familiares e amigos.

**Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ó neno ou nena.**

*Conceptos*

1. Vocabulario, imaxes e edificios de carácter relixioso.

1.1. Vocabulario: Deus Pai, Creador de tódalas cousas; a Igrexa, unha gran familia; María, nai nosa; Xesús, amigo de todos; a Palabra de Deus; Domingo de Ramos; Pascua; oración...

1.2. Edificios e elementos litúrxicos: igrexa, parroquia, misa, altar, campás, imaxes, póla de oliveira, sacerdote...

*Procedementos*

2. Observación directa ou indirecta e descrición de edificios e imaxes relixiosas.

3. Incorporación e uso adecuado de vocabulario sinxelo de carácter relixioso.

4. Elaboración de imaxes ou símbolos relixiosos mediante técnicas plásticas.

*Valores*

5. Admiración e respecto polas diversas manifestacións relixiosas do contorno.

**CONCRECIÓN DOS CONTIDOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS**

**O corpo humano, obra de Deus Creador, coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.**

*Conceptos*

1. Deus, Creador de tódalas cousas, tamén do corpo humano, coa colaboración dos pais.

1.1. O corpo humano, regalo de Deus: crecemento e aprendizaxe.

2. O primeiro home e a primeira muller, fillos de Deus dos que todos vimos.

2.1. A diferenciación sexual como don recibido de Deus.

#### *Procedementos*

3. escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.

4. Recoñecemento do propio corpo e das súas diferenzas respecto do dos demais.

4.1. Exploración e desenvolvemento das propias posibilidades de acción.

#### ● *Valores*

5. Valoración e gratitude polo regalo recibido de Deus, o corpo.

6. Alegría por vivir e crecer xunto ás demais persoas.

6.1. Respeto, coidado e estima por un mesmo e polos demais.

6.2. Aprecio polas aprendizaxes e a autonomía que comporta o crecemento.

7. Aceptación cristiá das diferenzas entre as persoas.

**Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde. A proximidade das persoas que nos atenden e queren; alimentos, vestido e limpeza.**

#### *Conceptos*

1. A saúde como regalo de Deus ó ser humano.

2. Medios que Deus ofrece para conservar a saúde.

2.1. Os coidados e atencións familiares: descanso, alimentos, deporte, limpeza...

2.2. A proximidade dos nosos amigos e das persoas que nos queren.

2.3. As ensinanzas recibidas dos nosos maiores.

#### *Procedementos*

3. Análise de comportamentos que axuden a conservar a saúde e o benestar.

3.1. Identificación de hábitos saudables; alimentación, deporte, hixiene, descanso...

4. Discriminación de accións positivas e negativas nas súas relacións cos demais.

#### *Valores*

5. Gratitude polos coidados e aprendizaxes recibidos das persoas queridas.

6. Interese por adquirir hábitos saudables relacionados co coidado do propio corpo.

**A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.**

*Conceptos*

1. A Creación, obra de Deus e regalo ós seus fillos.
  - 1.1. Deus Pai, Creador de tódalas cousas.
  - 1.2. O coidado e uso da natureza confiados por Deus á intelixencia e acción das persoas.
2. A intervención do ser humano no mundo.
3. O relato bíblico da Creación.

*Procedementos*

4. Escoita e comprensión do relato bíblico da Creación.
  - 4.1. Interpretación de imaxes secuenciadas sobre o relato da Creación.
5. Discriminación entre os elementos creados por Deus e os obxectos fabricados polo ser humano.
  - 5.1. Observación directa e indirecta da paisaxe para detectar que é obra do ser humano e o que está máis alá das súas posibilidades.
6. Discriminación de accións construtivas e destrutivas do medio natural.
7. Memorización e recitado de oracións de loanza e gratitude a Deus pola Creación.

*Valores*

8. Admiración e gratitude a Deus por tódolos elementos da Creación.
9. Colaboración na tarefa de manter fermoso o mundo que Deus nos deu, empezando polo noso contorno.
  - 9.1. Compromiso e colaboración no coidado de plantas e animais domésticos.
  - 9.2. Satisfacción e interese por gozar da natureza sen malgastos nin abusos.
  - 9.3. Coidado de espazos e obxectos comúns: na casa, na escola, na rúa.

**Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.**

### *Conceptos*

1. Os símbolos relixiosos.
  - 1.1. A estrela e a coroa de Advento en Nadal.
  - 1.2. As imaxes: o Neno Xesús, a Virxe María, os santos...
  - 1.3. A pomba branca coa póla de oliveira no peteiro.
  - 1.4. A auga e a luz no bautismo.

### *Procedementos*

2. Identificación de símbolos cristiáns.
  - 2.1. Observación directa e indirecta de símbolos e imaxes relixiosas.
  - 2.2. Relación dos símbolos co seu significado.
3. Elaboración de manualidades con significado relixioso: o nacemento, o cirio pascual...

### *Valores*

4. Aprecio e respecto polos símbolos relixiosos.
  - 4.1. Admiración ante a súa beleza e significado.

## **Deus é o noso Pai, coida de nós e invítanos a servir aos demais.**

### *Conceptos*

1. Deus pai, Creador de tódalas cousas, está con todos nós, quérenos e perdóanos sempre.
2. A expresión do amor de Deus a través dos valores cristiáns: amizade, convivencia, respecto, perdón, xenerosidade, fraternidade...
3. Palabras de Xesús sobre o amor de Deus.

### *Procedementos*

4. Lectura e comentario de relatos bíblicos nos que se pon de manifesto o amor de Deus ós seres humanos: vida e milagres de Xesús.
5. Realización de actividades que promoven os valores cristiáns como medio de expresar o amor a Deus e ós demais.

### *Valores*

6. Satisfacción por coñecer e adquirir os valores que emanan do amor de Deus.

**Deus fala. A *Biblia*, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a Palabra de Deus.**

*Conceptos*

1. A *Biblia*, o libro sagrado dos cristiáns.
- 1.1. A *Biblia*, Palabra de Deus.
- 1.2. Relatos do Antigo e do Novo Testamento.

*Procedementos*

2. Escoita e comprensión de relatos bíblicos nos que Deus se manifesta.
- 2.1. A Creación.
- 2.2. A arca de Noé.
- 2.3. A Anunciación a María e o soño de san Xosé.
- 2.4. O nacemento de Xesús.
- 2.5. A adoración dos pastores e os Magos.
- 2.6. As palabras e os feitos de Xesús.
3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

*Valores*

4. Actitude de admiración polo libro que contén a Palabra de Deus.
- 4.1. Curiosidade e estima pola información que se recibe da *Biblia*.
- 4.2. Satisfacción por compartir as ensinanzas da *Biblia*.

**Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).**

*Conceptos*

1. Textos e oracións importantes referidas a Xesús e María.
- 1.1. Nosopai.
- 1.2. Ave María.
- 1.3. Frases, versos e expresións de tradición cristiá.

### *Procedementos*

2. Recitación de oracións, frases, versos e expresións da nosa tradición cristiá: Nosopai, Ave María, «Amádevos como eu vos ameí»...

3. Lectura e comprensión de relatos ilustrados sobre a vida de Xesús e María.

### *Valores*

4. Interese por comprender e aprender feitos referidos á vida de Xesús e María.

**Algunhas palabras significativas para os cristiáns. Deus Pai; Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso; a Virxe María, nai de Xesús e nai nosa; a Igrexa.**

### *Conceptos*

1. Palabras significativas para os cristiáns.

1.1. Deus Pai, Creador do mundo e das persoas.

1.2. Xesús, o Fillo de Deus, amigo de todos.

1.3. A Virxe María, nai de Xesús e de tódolos cristiáns.

1.4. A Igrexa, a casa de Deus, a nosa casa.

### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de frases e textos bíblicos sobre Deus Pai, o seu fillo Xesús e a Virxe María.

3. Canto e recitación de cancións e oracións sinxelas dedicadas a Deus, ó seu fillo Xesús e a María, a súa nai.

### *Valores*

5. Admiración e respecto pola Palabra de Deus e a intervención de Xesús e María no mundo.

6. Satisfacción por sentirse invitado á casa de Deus.

**O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, a vida, a morte e a resurrección de Xesús.**

### *Conceptos*

1. O amor de Xesús. Relatos do nacemento, a vida, a morte e a resurrección de Xesús.

- 1.1. Anunciación da Virxe María e o soño de san Xosé.
- 1.2. Nacemento e infancia de Xesús.
- 1.3. Palabras e ensinanzas de Xesús.
- 1.4. A elección dos doce apóstolos.
- 1.5. A entrada triunfal en Xerusalén.
- 1.6. A Última Cea.
- 1.7. Morte e resurrección de Xesús.

*Procedementos*

2. escoita e comprensión de relatos bíblicos sobre a vida de Xesús.
3. Interpretación de secuencias de imaxes sobre relatos bíblicos.

*Valores*

4. Interese por aprender feitos referidos á vida de Xesús.
5. Admiración polos valores que emanan da obra de Xesús.

**Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.**

*Conceptos*

1. Pasaxes e ensinanzas do Evanxeo sobre o amor de Xesús.
  - 1.1. O bo samaritano.
  - 1.2. Milagres de Xesús: a multiplicación dos pans.

*Procedementos*

2. Lectura comprensiva de textos sobre a vida e as ensinanzas de Xesús.
  - 2.1. Análise de feitos da vida de Xesús.
  - 2.2. Interpretación e comentario de imaxes referidas á vida de Xesús.

*Valores*

3. Interese por descubrir a mensaxe das parábolas e os feitos de Xesús.



4. Desexo de vivir segundo as ensinanzas de Xesús.

4.1. Confianza nas propias capacidades e axuda ós compañeiros con dificultades.

4.2. Aceptación das regras que rexen os xogos.

**O diálogo con Deus: a oración do cristián. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.**

*Conceptos*

1. A relación con Deus a través da oración.

1.1. O diálogo do ser humano con Deus para escoitalo, pedirlle axuda, darlle grazas, falarlle dun mesmo, dos demais, contarlle cousas...

*Procedementos*

2. Iniciación á oración mediante a construción de frases espontáneas de agradecemento o de petición a Deus.

*Valores*

3. Valoración da oración como diálogo de amizade con Deus.

3.1. Disposibilidade para inventar frases dirixidas a Deus.

3.2. Respecto e atención ás oracións dos demais.

**Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.**

*Conceptos*

1. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plano de Deus.

1.1. Convivencia familiar e convivencia escolar.

1.2. Tarefas domésticas e responsabilidades escolares.

1.3. Celebracións familiares, escolares e sociais.

1.4. O xogo na casa e na escola.

*Procedementos*

2. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre o comportamento das persoas nas actividades cotiás.

2.1. Discriminación de accións construtivas e destrutivas no contorno social e nas relacións cos demais.

2.2. Identificación das diversas formas nas que se manifesta o amor humano: amizade, perdón, compañeirismo, solidariedade, axuda, fraternidade...

*Valores*

3. Interese por participar nas actividades diarias segundo o modelo das ensinanzas cristiás.

**A manifestación do amor cristián en xestos concretos. Saudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar ós compañeiros.**

*Conceptos*

1. A manifestación do amor cristián en feitos concretos: saudar, axudar, compartir bens, perdoar e ser perdoados, regalar, felicitar, consolar...

*Procedementos*

2. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre as relacións entre as persoas para extraer conclusións sobre as manifestacións do amor cristián.

2.1. Manifestacións corporais: bicar, acariñar, abrazar, sorrir...

2.2. Manifestacións verbais: saudar, falar, consolar, pedir perdón e perdoar, felicitar, compartir sentimentos...

3. Utilización de fórmulas verbais e xestuais de alcance cristián nas súas relacións cos demais.

*Valores*

4. Satisfacción e gratitude por dar e recibir xestos afectuosos dos seus compañeiros, familiares, mestres, veciños...

5. Valoración do traballo propio e alleo como colaboración e axuda ós demais.

**A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.**

*Conceptos*

1. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
  - 1.1. A casa, ámbito de xogo, crecemento e amor dos pais, irmáns, avós, etc.
  - 1.2. Atencións e ensinanzas dadas e recibidas polos distintos membros da familia.
  - 1.3. Celebración familiar das principais festas do calendario litúrxico.
2. A igrexa, casa dos fillos de Deus.
  - 2.1. A familia dos amigos de Xesús, os cristiáns.
  - 2.2. A igrexa, punto de encontro e celebración cristiá.

#### *Procedementos*

3. Lectura e análise de relatos e imaxes sobre a convivencia e a aprendizaxe no seo familiar.
  - 3.1. Conversación e reflexión sobre as propias experiencias.
4. Discriminación e participación nas festas do calendario litúrxico celebradas na comunidade escolar e familiar.

#### *Valores*

5. Alegría e gratitude por crecer e aprender no seo dunha familia.
6. Actitude de respecto, cariño e dispoñibilidade na vida familiar e escolar.
7. Satisfacción por sentirse invitado a formar parte da Igrexa e a súa familia.

### **O comportamento cos amigos/as, os compañeiros/as da escola e as persoas do contorno.**

#### *Conceptos*

1. A escola e a aldea ou barrio, lugar de convivencia e de relación cos demais.
  - 1.1. A relación cos mestres e compañeiros/as.
  - 1.2. A relación cos veciños e os amigos/as.

#### *Procedementos*

2. Lectura comprensiva de relatos sobre a convivencia de nenos e nenas en distintas situacións.
  - 2.1. Discriminación e análise de comportamentos positivos e negativos nas relacións cos demais.

2.2. Descrición de modelos de conduta cristiá nas relacións cos demais e na resolución de conflitos.

3. Regulación do propio comportamento coas persoas do seu contorno (veciños, mestres, compañeiros-as...).

#### *Valores*

4. Alegría e gratitude a Deus por pertencer a unha comunidade.

4.1. Estima polo grupo ó que pertence.

4.2. Interese e satisfacción por aprender a convivir segundo o modelo cristián.

**Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.**

#### *Conceptos*

1. O domingo, festa do Señor resucitado.

1.1. O domingo, día de encontro e de celebración cristiá.

2. Festas do calendario litúrxico.

2.1. O Advento e o Nadal.

2.2. A Semana Santa e a Pascua.

2.3. As festas en honor da Virxe María.

3. A música e o canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.

#### *Procedementos*

4. Descrición das principais festas cristiás e do seu significado.

4.1. Observación directa e indirecta da realidade.

4.2. Exposición acerca do significado da festa.

4.3. Descrición de actos, símbolos e imaxes asociadas.

5. Celebración das principais festas do calendario litúrxico.

5.1. Recitación de poemas, oracións e cantos sinxelos relacionados con elas.

5.2. Confección de postais e outras manualidades para felicitar as festas ós seus familiares.

### *Valores*

6. Curiosidade por coñecer o significado e a mensaxe das principais festas cristiás.
7. Alegría por participar na celebración destas festas cos seus familiares e amigos.

### **Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos cercanos ó neno e á nena.**

#### *Conceptos*

1. Vocabulario, imaxes e edificios de carácter relixioso.

1.1. Vocabulario: Deus Pai, Creador de tódalas cousas; a Igrexa, unha gran familia; María, nai nosa; Xesús, amigo de todos; a Palabra de Deus; Domingo de Ramos; Pascua; oración; os apóstolos...

1.2. Edificios e elementos litúrxicos: igrexa, santuario, misa, altar, cruz, sagrario, imaxes, póla de oliveira, sacerdote, santo...

#### *Procedementos*

2. Observación directa ou indirecta e descrición de edificios e imaxes relixiosas.
3. Incorporación e uso adecuado de vocabulario sinxelo de carácter relixioso.
4. Elaboración de imaxes ou símbolos relixiosos mediante técnicas plásticas.

### *Valores*

5. Admiración e respecto polas diversas manifestacións relixiosas do contorno.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1 Saber observar os referentes relixiosos do seu contorno.
- 2 Coñecer o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
- 3 Respetar os signos e símbolos relixiosos do seu contorno.
- 4 Familiarizarse cunha primeira síntese da fe cristiá.
- 5 Adquirir o gusto por facer o ben.
- 6 Apreciar os valores cristiás e humanos que facilitan a convivencia.
- 7 Participar nas actividades de clase.
- 8 Amosar interese por colaborar e compartir cos seus compañeiros.
- 9 Respetar as normas de convivencia.



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**CEIP DE ARZÚA 2021/2022**





## **1. XUSTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa de vital importancia e estrutúrase en 2 ciclos (0-3/3-6 anos). A súa finalidade é lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo dos nenos e das nenas), e contribuír a desenvolver as seguintes capacidades:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

A lingua estranxeira: inglés no segundo ciclo da Educación Infantil está regulada polo *Decreto 330/2009, do 4 xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Tendo en conta este marco lexislativo, os alumnos traballan obxectivos e contidos de **tres grandes áreas**:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do ámbito.
- Linguaxes: Comunicación e representación.

Dito currículo pretende garantir unha educación común ao conxunto da poboación e asegurar unha educación non discriminatoria que considere as posibilidades de desenvolvemento do alumnado calquera que sexan as súas condicións persoais e sociais.

A coordinación entre educación infantil e educación primaria é imprescindible para asegurar a coherencia dos procesos educativos iniciados. Para asegurar isto manteranse contactos entre os mestres e as mestras de ambos ciclos.

A programación nesta etapa será aberta e flexible para dar a resposta axeitada á diversidade xa que cada neno/a ten o seu ritmo e estilo de aprendizaxe así como diferentes capacidades e limitacións. No proceso educativo desta etapa adquire unha relevancia especial a participación e colaboración tanto directa como indirecta das familias.

Esta programación está pensada para levar a cabo no **C.E.I.P. de Arzúa**, no segundo ciclo de educación infantil que consta con 84 nenos e nenas, con dúas liñas en 3 anos, unha en 4 e dúas en 5 anos.

O devandito centro ten **xornada** mixta que abrangue de 09:50 a 14:20 e de 16:00 a 17:00 horas os luns e martes e de 09:50 a 14:30 os mércores, xoves e venres (agás nos meses de setembro e xuño co horario será de 9:40 a 14:40).

As súas **instalacións** están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala de mestres, a biblioteca, a aula de audiovisuais, as oficinas, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... e polas pistas deportivas e unha zona de xogos para educación infantil.

En canto ao profesorado, contamos con 5 **mestras titoras** e unha **mestra de apoio** e outro de **música** que impartirán música, psicomotricidade e TIC, e con especialistas de **inglés** e **relixión**. Así mesmo, dispoñemos de departamento de orientación propio composto pola orientadora, a mestra de audición e linguaxe e a mestra de pedagogía terapéutica.

A principal actividade económica das **familias** está vencellada á agricultura e gandeiría, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A **lingua** máis empregada no centro é o galego. Por este motivo, a lingua vehicular das aulas será o galego, conseguindo deste xeito, unha continuidade entre o ambiente familiar e o escolar ó recorrer ó uso da lingua materna do alumnado.

Ó longo do curso realizaranse as pertinentes reunións promovendo un ambiente de coordinación e cooperación entre tódolos membros. Asemade, seguiremos cos diferentes plans e equipos, é dicir co **plan lector, de biblioteca, de convivencia e de TIC**.

## Obxectivos

---

Dentro dos **obxectivos da etapa da Educación Infantil** contribuiremos máis especialmente a:

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Inicialse nas habilidades lóxico - matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

O obxectivo xeral en inglés en Educación Infantil é familiarizar ós nenos e nenas de infantil co inglés máis básico a nivel oral, de xeito que, ó final dos respectivos cursos, poidan comprender e expresar oralmente algúns conceptos sinxelos mediante un vocabulario elemental.

**Os obxectivos principais da programación** inclúen estes puntos:

- Recoñecer e levar a cabo instrucións sinxelas.
- Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía para desculparse e/ou agradecer, ... □  
Memorizar e/ou recoñecer cancións e rimas sinxelas, pertencentes á tradición oral infantil nos países de fala inglesa.
- Interiorizar patróns melódicos, fonéticos e rítmicos da lingua inglesa.
- Apreciar o idioma como medio para relacionarse e comunicarse.
- Coñecer festas e tradicións dos países de fala inglesa.
- Personalizar actividades artísticas con mensaxes moi sinxelas en inglés ou relacionadas con celebracións típicas dos países de fala inglesa (como Halloween).
- Mostrar unha actitude positiva e respectuosa de cara ó inglés e a cultura anglosaxona.
- Participar de xeito responsable nas tarefas e actividades das clases.
- Establecer unhas rutinas que favorezan a aprendizaxe.
- Utilizar recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, resposta física, entre outras.

## 1. Contidos

---

Estes son os contidos a tratar nos distintos grupos - aula dos tres niveis educativos, hay que ter en conta que recuncaremos no tema transversal escollo polo claustro para este ano que se centra nas EMOCIÓNS:

**E.I. 3 ANOS:** Saúdos, o tempo, os días da semana, as emocións, presentacións, despedidas, as cores, os números, a escola, a familia, os xoguetes, o corpo, as mascotas, a comida e as festividadeas de Halloween, Christmas e Easter.

**E.I. 4 ANOS:** Saúdos, o tempo, os días da semana, as emocións, presentacións, despedidas; as cores, os números, a escola, a familia, o corpo, a roupa, os animais, os medios de transporte e as festividadeas de Halloween, Christmas e Easter.

**E.I. 5 ANOS:** Saúdos, o tempo, os días da semana, as emocións, presentacións, despedidas, as cores, os números, a casa, os xoguetes, o corpo, a roupa, os animais, a comida e as festividadeas de Halloween, Christmas e Easter.

Estes contidos baséanse no interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

## 2. A lingua estranxeira e as competencias básicas

---

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe, na área de linguaxes: comunicación e representación, á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento as manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural**, xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos.

O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** e a **competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

### 3. Metodoloxía

---

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos/as da Etapa de Educación Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna, é dicir, linguaxe receptiva fronte a produtivo. O alumnado deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan a labor cotiá na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase. Deben iniciarse na aprendizaxe da nova lingua a través de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos, sempre cunha intención lúdica.

A comprensión e a expresión oral deben ser a base no ensino da lingua estranxeira, onde o alumnado ten que aprender de maneira natural e a través do xogo, escoitando, practicando e participando o maior tempo posíbel coa primeira lingua estranxeira. As destrezas básicas desenvolvidas serán as receptivas e darase prioridade ao uso comunicativo e funcional da lingua. Insistirase no uso do idioma, é dicir, na posibilidade do falante de comunicar unha mensaxe na aula de inglés. Por iso, os erros considéranse parte natural do proceso de aprendizaxe e, como tales, son tratados de xeito didáctico e como fonte de coñecementos.



Tamén se van recrear situacións e contextos nos que o alumnado que a estas idades son esencialmente cenestésicos teña que responder actuando: resposta física total (TPR: Total Physical Response, de Asher). Propóranse actividades que combinen e propicien o uso da lingua e a acción física implicada pola orde emitida.

A metodoloxía das sesións consistirá na introdución gradual de mandatos por parte do docente e/ou mediante a aprendizaxe baseada en cancións e rimas, pedindo ao alumnado que responda a elas. Estableceranse unhas rutinas (coa axuda de cancións tales como *Days of the week and Weather*, *Calm Down*, *Toilet Mimicry*) como marco de referencia para desenvolver as actividades que se van realizar durante as sesións, posto que os nenos e nenas se senten máis seguros cando coñecen o ambiente no que se moven. As actividades que se leven a cabo deben ser atractivas para os nenos e nenas, facendo que se sintan integrados, valorados e seguros ao tempo que intenten potenciar as súas destrezas orais.

Ademais, repetíranse con certa frecuencia ao comezo da sesión, para repasar o aprendido, e ao final da mesma para insistir nos novos termos sempre flexíbel ás circunstancias do grupo - aula.

O método que se emprega favorece o desenvolvemento das destrezas orais do alumnado, potencia o seu desenvolvemento intelectual, expresivo, psicomotor e social, ao tempo que fomenta a interacción entre os nenos e nenas.

#### 4. Materiais e recursos

---

Está establecida unha sesión semanal para cada grupo.

A organización eficaz do espazo e o tempo é vital para garantir a harmonía e o éxito na aula e que os nenos e nenas se sintan seguros e cómodos, fomentando as posibilidades de comunicación, experimentación, autonomía, creatividade, xogo, ... o cal influirá directa e decisivamente na aprendizaxe.

Distribución do espazo dentro da aula:

Empregarase a distribución de pupitres asignada polas titoras dos grupos. Ademais, haberá diferentes áreas/espazos.

Na Educación Infantil o alumnado non utilizará material específico; será a mestra a que proporcionará as fichas necesarias. Tamén se empregarán recursos existentes no centro, coma flashcards, storycards, crebacabezas, láminas e pósters, libros/contos da biblioteca, blog de inglés, ordenadores, PDI (Pizarra Dixital Interactiva).

Espazos dispoñíbeis no centro: Aula de ordenadores, patio, biblioteca, aula de música e usos múltiples e aula de audiovisuais.

## 5. Medidas de atención á diversidade

Traballar con todos os nenos e nenas da escola fai que, á hora de deseñar unha programación, teñamos que ter en conta a grande diversidade coa que nos imos atopar. Polo tanto, terá que ser unha programación aberta e flexible, coma o currículo, que permita que unha mesma actividade se realice de distintos xeitos e con diferente grao de dificultade segundo as diferenzas individuais de cada neno/a e as súas necesidades propias. Cada alumno/a ten as súas peculiares características e ritmos de aprendizaxe, por iso será moi útil realizar actividades para que os rapaces/as reforcen e/ou amplíen os seus coñecementos dun xeito motivador e cando sexa preciso buscarase a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

Finalmente dicir, que o centro conta en caso de necesidade con Departamento de Orientación que inclúe, mestra de Audición e Linguaxe, mestra de Pedagogía Terapéutica e Orientadora.

## 6. Criterios de cualificación

---

A lexislación pola que se regula a avaliación é a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

**A avaliación será global, continua e formativa.**

Ao finalizar cada un dos tres trimestres, no boletín de notas aparecerá unha escala de valoración: Con dificultade, sen dificultade e en proceso de cada indicador específico de inglés para cada discente. **O criterio de avaliación da lingua estranxeira inglés é:**

Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.	<input type="text"/>
Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e ...	<input type="text"/>
Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.	<input type="text"/>

### Os seus indicadores específicos:

- Aмосa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
- Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Aмосa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.
- Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.
- Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- Aмосa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía para desculparse na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.

### 7. Procedementos e instrumentos de avaliación

---

Para a realización da avaliación terei en conta que a educación infantil será **global, continua e formativa**, e que se basea na **observación directa e sistemática**.

A avaliación neste ciclo debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena.

Para estes efectos, tomaranse como referencia os indicadores específicos dos criterios de avaliación.

Como materiais de avaliación temos un folla de rexistro sobre os progresos de cada un dos alumnos/as.

## 8. Educación en Valores

A educación en valores é unha tarefa complexa que se debe desenvolver ao longo das diferentes etapas educativas e en todas as áreas. O seu tratamento require:

- O diálogo e a comunicación como instrumentos de uso.
- A implicación de toda a comunidade educativa
- A inmersión dos alumnos en situacións que os fagan reflexionar. **Educación moral e cívica**

Debe facilitar no alumno a análise das normas de relación social vixentes, a súa interiorización e a busca de fórmulas xustas de convivencia. Fomentarse o respecto ás normas establecidas así como ás quendas para participar e pedir o material. Ademais, iniciaranse no traballo en grupos nos que terán que compartir e colaborar cos compañeiros/as.

### **Educación para a Paz**

Débase centrar nos valores de tolerancia, respecto á diversidade, capacidade de diálogo e de participación social (empézase por ámbitos máis reducidos como o colexio), e tamén no desenvolvemento da autonomía e a autoafirmación. Os/as alumnos/as comezarán a traballar en grupos, respectando as colaboracións dos demais e compartindo.

### **Educación para a saúde**

Débase formular a través de actividades que permitan coñecer o ámbito físico, biolóxico e sociocultural para relacionarse nel positivamente, así como mellorar o funcionamento do propio organismo. Os hábitos saudábeis axudarán a unha evolución equilibrada. Este valor levarase a cabo por medio das rutinas como lavar as mans antes de comer a merenda, despois de ir o baño... Ademais, comezase a introducir temas como a comida saudábel.

### **Educación ambiental**

O seu obxectivo é capacitar o alumnado para comprender as relacións que existen co medio en que se desenvolve e aprender a ser responsábel na súa conduta ante os perigos ambientais que nos rodean. Fomentarase o uso responsable dos materiais así como a reciclaxe.

### **Educación para a solidariedade**

Trátase de axudar os alumnos a tomar conciencia de que os conflitos son procesos naturais que se deben resolver mediante o diálogo. Iso supón aceptar o outro cos seus dereitos, mostrándose solidario con outros pobos, as súas linguas e culturas. A través da lingua inglesa os/as alumnos/as comezarán a coñecer outra cultura.

### **Educación do consumidor**

O obxectivo debe ser axudar o alumnado a formularse interrogantes sobre a súa condición de consumidor (a partir da experiencia) e a buscar criterios obxectivos para as súas adquisicións. Nestas idades son doados de manipular a través da publicidade, polo tanto o obxectivo céntrase en formar consumidores críticos e responsables.

## 9. Accións de contribución ao Proxecto Lector

Contribuiremos ao Proxecto Lector de Centro a través da lectura de contos tanto en soporte físico como dixital tendo en conta que deben estar sempre apoiados con imaxes para facilitar o seu entendemento e comprensión.

Para iso empregaremos os contos que haxa na biblioteca de aula e/ou na biblioteca de centro.

## 10. Accións de contribución ao plan de Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs)

---

Desde a área de inglés, tentamos de facilitar e fomentar o manexo das novas tecnoloxías no centro escolar.

Os nenos e nenas poden gozar de material multimedia en inglés, no que traballan distintas destrezas a través de actividades lúdicas tales como, cancións e breves películas, axeitadas ao seu nivel de desenvolvemento.

## 11. Accións de contribución ao Plan de Convivencia

---

1. Fomentar o trato de igualdade entre homes e mulleres (nenos e nenas), independentemente do país no que se viva.
2. Formar ao alumnado no respecto á dignidade e integridade doutras culturas, fomentando a capacidade de tolerancia, empatía e non discriminación
3. Favorecer a integración do alumnado con dificultades de relación a través das actividades educativas, intentando que participe na reprodución de diálogos para saudar, despedirse, pedir desculpas, agradecemento, cancións, etcétera.

## 12. Actividades complementarias e extraescolares

---

A programación é aberta e flexible, polo que se vai adaptando ó contexto (alumnos, festividades, período de adaptación,...) e ás distintas actividades complementarias e extraescolares promovidas, propostas ou organizadas dende a escola. Por ese motivo, inclúese na planificación festividades como Halloween, Nadal, Entroido, Pascua, etcétera.

### 13. Procedementos para avaliar a propia programación

---

Hai que ter sempre presente que a avaliación comprende todos os elementos do proceso de ensino - aprendizaxe, que non persegue un fin en si mesma e que nos axudará a mellorar aquilo que non funcione. Por iso, tamén, aválíase a práctica docente, o que permite realizar modificacións: na programación inicial, si se detecta que a actuación didáctica non é a axeitada; nos espazos e nos tempos, se non están ben planificados; nos materiais, se non son efectivos, entre outros aspectos.

Polo tanto, a finalidade da avaliación é comprobar se se alcanzaron ou non as expectativas expresadas nesta programación didáctica e/ou verificar en que grao se cumpriron os obxectivos formulados.